

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 13 de xaneiro de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día trece de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32444.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación dos borradores das actas das sesións ordinarias dos días 23 e 30 de decembro de 2022.

2.32445.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “DRENAXE TRANSVERSAL EN ESTRADA MUNICIPAL SITA EN PONTE XIL, PARROQUIA DE GUILLADE”. (Expte. 2022066846)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrència non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostíbeis, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 02/11/2022 por rexistro WEB2022056032 dentro do prazo fixado na convocatoria, (solicitude reformulada en data 13/12/2022 por rexistro WEB2022062988) consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do Concello de PONTEAREAS mediante a que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 69.021,89 euros, con destino ao financiamento do investimento “*OBRA DRENAXE TRANSVERSAL EN ESTRADA MUNICIPAL SITA EN PONTE XIL, PARROQUILA DE GUILLADE*” (Exp.: 2022066846), quedando configurada a petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	69.021,89€	69.021,89 €	-----

A subvención financia 66.238,75 € de execución de obra e 2.783,14 € de asistencias técnicas á redacción do proxecto, dirección obra e coordinación de seguridade e saúde.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 14/12/2022.

O concello achega o certificado do secretario municipal onde se fai constar a inclusión no inventario dos camiños nos que se van a executar as obras de referencia. Se ben o inventario, aprobado inicialmente en dada 27/09/2022 e publicado no BOPPO núm. 190 de 04/10/2022, está pendente da aprobación definitiva.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.



- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) n° 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios, de data 14/12/2022, e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 26/12/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontearreas*, CIF: P3604200J, a cantidade de 69.021,89 € con destino ao financiamento do investimento “*Obra drenaxe transversal en estrada municipal sita en Ponte Xil, parroquia de Guillade*” (Expte. 2022066846). A subvención financia 66.238,75 € de execución de obra e 2.783,14 € de asistencias técnicas á redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- A concesión da subvención realízase contra a aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito para facer fronte ao gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme ao recollido na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento, incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Pontearreas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32446.- DAR CONTA DA ACTA DO XURADO DA VII EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTIZ (Expte.2022056410)

A Deputación de Pontevedra, dentro das súas múltiples liñas de actuación no eido da igualdade, quere potenciar a realización de traballos de fin de grao e fin de máster realizados na Universidade de Vigo, nos campus de Vigo e de Pontevedra nos que se integre unha perspectiva de xénero.

A deputada delegada na Área de Igualdade desta Deputación, mediante resolución presidencial núm. núm. 2022006629 de data 20 de setembro de 2022, aprobáronse as bases reguladoras da VII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster. Ditas bases publicáronse no BOPPO núm. 184 de 26 de setembro de 2022.

A esta convocatoria presentáronse un total de cinco solicitudes para os Traballos de Fin de Máster e sete solicitudes para os Traballos de Fin de Grado. Destas sete solicitudes na categoría de Traballos de Fin de Grado, dúas solicitudes teñen que excluírse porque presentan o traballo xunto coa solicitude incumprindo as bases da convocatoria.

De conformidade coa cláusula décimo segunda das bases reguladoras da VII edición dos premios Sofía Novoa Ortiz, nomease mediante resolución presidencial núm. 2022007609 de data 25 de outubro de 2022, as persoas integrantes do xurado da VII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz. Dito xurado reúnese o 16 de decembro de 2022 co obxectivo de seleccionar os traballos presentados ós premios convocados, e deliberar os traballos premiados da VII edición dos premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada do contido da Acta do xurado seleccionador da VII edición dos premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster, despois da reunión mantida o pasado 16 de decembro que é o seguinte teor:

“ACTA DO XURADO DA VII EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTIZ

Na sala de Comisións desta Deputación Provincial, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día 16 de decembro de 2022, reúnense as persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado da VII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster; presidido por



Lucía Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra; vogais: María M. Álvarez Lires, didáctica das ciencias experimentais na Facultade das Ciencias da Educación e do Deporte, Universidade de Vigo, campus de Pontevedra; Silvia Pérez Freire, profesora na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Universidade de Vigo, campus Pontevedra; Miriam Raposeiras Roubín, redactora xefa do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra; e actuando como secretaria Ana Isabel Amoedo Garrido, técnica do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra

1. Relación de solicitudes presentadas á convocatoria

No BOPPO núm. 184 de 26 de setembro de 2022, publicáronse as Bases reguladoras da VII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster.

A esta convocatoria presentáronse un total de cinco solicitudes para os Traballos de Fin de Máster e sete solicitudes para os Traballos de Fin de Grado.

Destas sete solicitudes na categoría de Traballos de Fin de Grado, dúas solicitudes teñen que excluírse porque presentan o traballo xunto coa solicitude incumprindo as bases da convocatoria.

2. Relación de traballos presentados á convocatoria da VII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster

TRABALLO FIN DE GRADO

- *La transexualidad en el sistema educativo actual: un estudio de caso*
- *Mujer y prisión en España*
- *A cona sagrada das brancas: branquitude, corpo e xénero en Caderno de memórias coloniais de Isabela Figueiredo*
- *Visibilidad y representación de la mujer en la divulgación científica: análisis crítico de la revista National geographic en 2020*
- *O traballo por proxectos e o álbum ilustrado para promover a igualdade de xénero en educación infantil*

TRABALLO FIN DE MASTER

- *La violencia de género en los procesos de familia*
- *Análisis de los estereotipos de género en alumnado de Educación Infantil enmarcado en las ciencias experimentales*
- *Proposta de diccionario feminista de termos cinematográficos para o profesorado de bacharelato. A igualdade de xénero no currículo de cultura audiovisual*
- *Voces silenciadas, mujeres valientes. La violencia de género en la literatura contemporánea en español escrita por mujeres. Propuesta didáctica*
- *O álbum e a novela gráfica como recurso didáctico para unha educación en igualdade na ensinanza das artes plásticas de secundaria*



3. *Análise dos 5 Traballos de Fin de Grado presentados á convocatoria*

TÍTULO DO TRABALLO	PUNTUACIÓN
<i>La transexualidad en el sistema educativo actual: un estudio de caso</i>	32
<i>Mujer y prisión en España</i>	63
<i>A cona sagrada das brancas: branquitude, corpo e xénero en Caderno de memórias coloniais de Isabela Figueiredo</i>	47
<i>Visibilidad y representación de la mujer en la divulgación científica: análisis crítico de la revista National geographic en 2020</i>	74
<i>O traballo por proxectos e o álbum ilustrado para promover a igualdade de xénero en educación infantil</i>	88

 4. *Análise dos 5 Traballos de Fin de Máster presentados á convocatoria*

TÍTULO DO TRABALLO	PUNTUACIÓN
<i>La violencia de género en los procesos de familia</i>	50
<i>Análisis de los estereotipos de género en alumnado de Educación Infantil enmarcado en las ciencias experimentales</i>	62
<i>Proposta de diccionario feminista de termos cinematográficos para o profesorado de bacharelato. A igualdade de xénero no currículo de cultura audiovisual</i>	75
<i>"Voces silenciadas, mujeres valientes. La violencia de género en la literatura contemporánea en español escrita por mujeres. Propuesta didáctica"</i>	52
<i>O álbum e a novela gráfica como recurso didáctico para unha educación en igualdade na ensinanza das artes plásticas de secundaria</i>	76

Tras a valoración de cada un dos traballos presentados a esta convocatoria e tendo en conta os criterios de valoración sinalados na base décimo segunda das bases reguladoras da VII edición dos premios Sofía Novoa Ortíz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster, as persoas integrantes do xurado acordan a concesión dos seguintes premios:

TRABALLOS DE FIN DE GRADO

APELIDOS E NOME	DNI	TÍTULO	PREMIO
<i>Raquel Álvarez Martínez</i>	<i>xxx1242xx</i>	<i>O traballo por proxectos e o álbum ilustrado para promover a igualdade de xénero en educación infantil</i>	<i>1.000 €</i>



<i>Elena Moldes Carballal</i>	xxx4811xx	<i>Visibilidad y representación de la mujer en la divulgación científica: análisis crítico de la revista National geographic en 2020</i>	1.000 €
<i>Alba Fernández García</i>	xxx6891xx	<i>Mujer y prisión en España</i>	600 €

TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER

APELIDOS E NOME	DNI	TÍTULO	PREMIO
<i>Nuria Bouzas Loureiro</i>	xxx8833xx	<i>O álbum e a novela gráfica como recurso didáctico para unha educación en igualdade na ensinanza das artes plásticas de secundaria</i>	1.000 €
<i>Rebeca López Villar</i>	xxx6064xx	<i>Proposta de diccionario feminista de termos cinematográficos para o profesorado de bacharelato. A igualdade de xénero no currículo de cultura audiovisual</i>	1.000 €
<i>Emma Juncal Paredes</i>	xxx1192xx	<i>Análisis de los estereotipos de género en alumnado de Educación Infantil enmarcado en las ciencias experimentales</i>	600 €

Sen máis asuntos que tratar dáse por concluída a reunión, ás 10:38 horas do día indicado, do que eu, como secretaria, dou fe”.

4.32447.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, CONVOCADO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LAVANDERÍA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte.2022063813)

A Deputación de Pontevedra, rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1340, dispón entre os seus recursos asistenciais dun establecemento denominado “*Cidade Infantil Príncipe Felipe*” (CPF), que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. A Institución conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de centro con fogares.

O CPF, ademais das unidades de convivencia dos/as menores, conta entre as súas instalacións cunha Residencia, a cal é de uso público para a cidadanía.

Dentro dos servizos mínimos e necesarios que se levan a cabo no CPF para atender as necesidades dos/as usuarios está o servizo de lavandería. Neste servizo, actualmente, realizase a limpeza de toda a roupa do Centro, dende o vestiario dos/as menores e a súa roupa de cama e toallas como a roupa que se usa na Residencia.



O CPF en aras de mellorar a prestación do servizo de lavandería, aforrar tempo e levar a cabo unha mellor xestión dos fondos públicos, considerou necesaria a fragmentación e diferenciación do servizo de limpeza no Centro de tal xeito que, se considera óptimo que o servizo de lavandería do CPF realice a prestación do servizo de limpeza de roupa dos/as menores debido a que esta require de ciclos de lavado diferentes e especializados en función da roupa, cores, tipos de prenda, etc; e que para a prestación do servizo de lavandería da roupa de cama e toallas se contrate a unha empresa especializada do sector que conte con maquinaria industrial destinada a limpeza deste tipo de roupa.

Realizados todos os trámites administrativos correspondentes coa preparación do expediente, a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 22 de xullo de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “Servizo de lavandería e planchado de roupa no CPF” (Expte. 2022008005). Non obstante, finalizado o prazo de presentación de ofertas e ao non existir ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto, a Xunta de Goberno do día 9 de setembro de 2022 declara deserto o procedemento.

O Centro Príncipe Felipe considera que a necesidade de levar a cabo a devandita contratación segue vixente e a súa implantación é unha mellora que repercutirá na prestación do servizo que se leva a cabo, motivo polo cal procedeu a realizar unha revisión de todo o contido dos Pregos de Prescricións Técnicas elaborando uns novos e solicita a tramitación do expediente.

En base ao exposto, con data 8 de novembro de 2022, a Deputada Delegada do Centro Príncipe Felipe ditou providencia de inicio do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, da prestación do servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

O contrato proposto ten un prazo de duración de un ano, coa posibilidade dunha prórroga anual, e un orzamento base de licitación de 97.652,37 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 10 de novembro de 2022, a Intervención emite documento de retención de crédito para exercicios futuros número 202200221562 polo importe de 73.239,28 €, con cargo á aplicación orzamentaria 232.2312.227.99 do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta que, con data 28 de decembro de 2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Así mesmo, o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 29 de novembro de 2022, e as observacións contidas no mesmo.

Visto o informe complementario do Centro Príncipe Felipe de data 26 de decembro de 2022.



Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 28 de decembro de 2022, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllese un criterio avaliábel mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.”

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación anticipada, do “*Servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*”.
O prazo de duración será de un ano desde a data sinalada no documento de formalización. Establecese a posibilidade de unha prórroga anual.



O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 97.652,37 euros.

O valor estimado é de 161.408,88 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: HDD7ZLQIP4JSEV6E) e de prescricións técnicas (CSV: FI0NX27O0WPG3VB2) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 97.652,37 €, dos cales a cantidade de 73.239,28 € irá con cargo á aplicación orzamentaria 23/232.2312.227.99 do orzamento provincial para o ano 2023, e a cantidade de 24.413,09 €, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2024

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2023 e 2024. quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Ana María Soto Prieto, xefa de xestión do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

5.32448.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE USO TÉRMICO DE BIOMASA NOS CONCELLOS DE CANGAS, A CAÑIZA, PORTAS, REDONDELA, TOMIÑO E VILABOA CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE FEDER-EELL-2020-004535 "INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLES I" DO IDAE FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO POCS 2014-2020 (Expte. 2022058096)

Con data 21/10/2022 a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditou providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da subministración e execución das obras de renovación das instalacións de uso térmico de biomasa nos *concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa* correspondentes co expediente FEDER-EELL- 2020-004535



“Instalacións de biomasa sostibles I” do IDAE financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020 da que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación	Denominación do proxecto do IDAE	Orzamento (sen iva)	Orzamento total (IVA incluído)
1	Instalacións de biomasa sostibles I-Cangas	FEDER-EELL-2020-004535	87.063,31 €	105.346,60 €
2	Instalacións de biomasa sostibles.-A Cañiza	FEDER-EELL-2020-004535	48.135,50 €	58.243,96 €
3	Instalacións de biomasa sostibles.- Portas	FEDER-EELL-2020-004535	91.847,29 €	111.135,22 €
4	Instalacións de biomasa sostibles.- Redondela	FEDER-EELL-2020-004535	87.017,25 €	105.290,88 €
5	Instalacións de biomasa sostibles.- Tomiño	FEDER-EELL-2020-004535	30.873,60 €	37.357,06 €
6	Instalacións de biomasa sostibles.- Vilaboa	FEDER-EELL-2020-004535	30.720,92 €	37.172,31 €
			375.657,87 €	454.546,03 €

En dita providencia xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en Carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) o proxecto detallado anteriormente.

Neste proxecto perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos concellos mencionados co fin de reducir a demanda enerxética e, polo tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica por sistemas baseados no uso da biomasa, de acordo con o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

Para poder realizar dita substitución e os traballos de renovación das instalacións térmicas que vaian asociados é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que contén coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación dun expediente de contratación tendo en conta ademais que a Deputación de Pontevedra carece dos medios e persoal



suficiente coas habilitacións esixidas; o alto volume de traballo existente e pola áxil execución que se require para cumprir cos prazos marcados polo IDAE. A realización dos traballos e o despacho dos mesmos nun tempo adecuado require de varios equipos con persoal formado e experiencia no ámbito de instalacións térmicas baseadas no emprego da biomasa.

Xunto coa providencia de inicio remítense ao servizo de contratación os proxectos de obra que foron, redactados polos técnicos da empresa Teswater Global SLU, adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de renovación das instalacións de biomasa sostibles para o uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboia recollida nas actuacións do proxecto IDAE num FEDER-EELL-2020- 004535, sendo ditos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno na sesión do día 18/11/2022 unha vez informados favorablemente pola intervención.

Na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, o contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración establecendo que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas. Asemade infórmase, que de conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 € deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Vistas así mesmo as actas de replanteo previo asinadas polo Enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 14/10/2022 autorizou a publicación dun anuncio previo para a contratación da renovación das instalacións de biomasa sostibles para o uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboia recollida nas actuacións do proxecto IDAE num FEDER-EELL-2020- 00453, sendo dito anuncio publicado na Plataforma de contratación do Sector Público con data 17/10/2022 e no DOUE con data 21/10/2022.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, visto o informe da Secretaría Xeral, de data 05/12/2022.

Visto que con data 29/12/2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.



Visto o informe emitido pola Intervención polo que se informa favorablemente o expediente coa seguinte advertencia “*Considerando a porcentaxe de cofinanciamento da contratación proposta con fondos europeos (80%) e os prazos de formalización dos contratos esixidos para os distintos lotes, advírtese do risco de incumprimento, polo que con carácter previo á adxudicación e/ou formalización dos distintos lotes, deberase verificar o cumprimento dos prazos, a efectos de desistir da adxudicación ou da formalización dos contratos naqueles supostos nos que se incumpra o prazo esixido pola resolución de concesión de cada lote.*”

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta o artigo 58 do Real Decreto-Lei 36/2020 de 30 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que establece que o órgano de contratación non poderá formalizar o contrato ata que teñan transcorrido 10 días naturais a partir do día seguinte a notificación da resolución de adxudicación sendo o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de dez días naturais e o artigo 2 referente ao ámbito de aplicación do mesmo.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o



texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da subministración e execución das obras de renovación das instalacións de uso térmico de biomasa nos *concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa* correspondentes co expediente FEDER-EELL- 2020-004535 “Instalacións de biomasa sostibles I” do IDAE financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020 da que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación	Denominación do proxecto do IDAE	Orzamento (sen IVE)	Orzamento total (IVE incluído)
1	Instalacións de biomasa sostibles I-Cangas	FEDER-EELL-2020-004535	87.063,31 €	105.346,60 €
2	Instalacións de biomasa sostibles.-A Cañiza	FEDER-EELL-2020-004535	48.135,50 €	58.243,96 €
3	Instalacións de biomasa sostibles.-Portas	FEDER-EELL-2020-004535	91.847,29 €	111.135,22 €
4	Instalacións de biomasa sostibles.-Redondela	FEDER-EELL-2020-004535	87.017,25 €	105.290,88 €
5	Instalacións de biomasa sostibles.-Tomiño	FEDER-EELL-2020-004535	30.873,60 €	37.357,06 €
6	Instalacións de biomasa sostibles.-Vilaboa	FEDER-EELL-2020-004535	30.720,92 €	37.172,31 €
			375.657,87 €	454.546,03 €

2.- Autorizar o gasto por importe de 454.546,03 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022	22/942.1700.652.15.2021	321.973,26 €
2022	22/942.1700.652.15.	99.866,73 €
2023	23/22/942.1700.652.15.	32.706,04 €
Total		454.546,03 €



3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: LMRFY04RL6KGJNZS) que rexerá dita contratación e os pregos de prescricións técnicas que se detallan a continuación:

Lote	Denominación lote	Proxectos /actuacións	CSV
1	Instalacións de biomasa sostibles I-Cangas	Substitución de caldeira de gasoil por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo na pista de atletismo de Cangas	CAPD3M69BUOVDXFX
		Substitución de caldeira de gasoil por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no Pavillón Municipal de Cangas	CHA6HAR8DUT2IEZQ
2	Instalacións de biomasa sostibles.-A Cañiza	Substitución de bomba de calor e radiadores eléctricos por estufas de pellets en edificios municipais (centro cultural de Cebreiro, centro cultural de Couto, tanatorio de Couto, consultorio médico Valeixe, biblioteca Valeixe, casa da ermandade Valeixe, tanatorio de Luneda, tanatorio de Valeixe, centro cultural de Luneda, tanatorio de Petán, tanatorio de Deva, antigo colexio de Ou Feirón, antigo colexio de Petán, casa cultura cafetería e centro cultural Pateiro) da Cañiza.	01JL8R26TQFYVIA1
3	Instalacións de biomasa sostibles.-Portas	Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en albergue de Portas.	0DO5Z383YQOE5HFN
		Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en campo de fútbol de Portas.	B0H2V3KWFJU9F54D
		Substitución de acumuladores eléctricos por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no Pavillón municipal de Portas.	BUW9IFZXCJQ1AOJK



4	Instalacións de biomasa sostibles.- Redondela	Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en pavillón municipal de Redondela.	UJ TZMT1DAEWO8LXI
		Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en casa de cultura de Redondela..	PAPJJAW0RLQR5ZI5
5	Instalacións de biomasa sostibles.- Tomiño	Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no edificio de Benestar Social e policía de Tomiño.	P45R6MB1OLMJ0HXC
6	Instalacións de biomasa sostibles.- Vilaboia	Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo na casa do Concello de Vilaboia.	PMU3AN1WVLZ6GYNR

4.- Nomear responsable do contrato ao Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días desde a data de envío do anuncio de licitación a Oficina de publicacións da Unión Europea.

(De conformidade co previsto no artigo 156 da LCSP redúcese o prazo de presentación de ofertas a 15 días tendo en conta a publicación dun anuncio de información previa na Plataforma de contratación do Sector Público e no DOUE con data 17/10/2022 e 21/10/2022, respectivamente).

6.32449.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DO CEIP DARÍA GONZÁLEZ GARCÍA” (Expte. 2022034932)

Resultando.- Que a crise sanitaria provocada pola COVID-19 está a provocar unha intensa perda de actividade económica mundial e un forte impacto social, sen que se poida contar de momento cun horizonte claro sobre a súa evolución.

Resultando.- Que para amortiguar o impacto desta situación sen precedentes, a Unión Europea acordou un plan de Recuperación, denominado Next Generation EU e dotado con 750.000,00 millóns de euros, que facilitará aos Estados Membros iniciar o camiño cara a saída da crise e sentará as bases para unha Europa moderna e mais sostible.



Resultando.- Que neste contexto, a Deputación de Provincial de Pontevedra elaborou un Plan estratéxico provincial de fondos europeos o cal está centrado en corrixir os desequilibrios entre territorios, nas oportunidades económicas das persoas e no acceso ós servizos, entendendo que só é posible transformar a provincia superando brechas sociais e territoriais. Por este motivo, plantéxanse iniciativas destinadas a xerar oportunidades de emprego, especialmente nos sectores mais desfavorecidos, e avanzar na ecoeficiencia e na transformación dixital.

Resultando.- Que ao obxecto de posicionarse fronte as oportunidades que se abren cos fondos europeos, establecer os eixes e proxectos prioritarios que permitan a súa captación e potenciar a estratexia de transformación na Deputación de Pontevedra, entre os programas e proxectos mencionados, a Institución Provincial aposta por levar a cabo unha mellora enerxética e dixitalización de edificacións e equipamentos provinciais entre outros edificios, na Cidade Infantil Príncipe Felipe.

Resultando.- Que previo a convocatoria de axudas, a Institución provincial tiña proxectadas varias actuacións a levar a cabo no edificio da Deputación de Pontevedra no que se atopa o CEIP Daría González García.

Resultando.- Que a fin de cumprir coa convocatoria, precisouse refundir nun único proxecto de obra todas as actuacións previstas para o CEIP Daría González García. Ademais, tendo en conta a situación actual do mercado, foi preciso levar a cabo unha actualización dos prezos recollidos nos proxectos iniciais. Destes traballos deu resultando o novo proxecto básico e de execución de mellora do CEIP Daría González García.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada do Centro Príncipe Felipe solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora do CEIP Daría González García”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo arquitectos D. Francisco Freire García e D. Víctor Vázquez Fernández, pertencentes á sociedade Freire y Vázquez Arquitectos, S.L.P. o proxecto de execución da obra “Mellora do CEIP Daría González García” cun orzamento base de licitación de 2.132.125,52 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZNOL7Y9LOPX40JK7

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2022, acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora do CEIP Daría González García” redactado polos arquitectos D. Francisco Freire García e D. Víctor Vázquez Fernández, pertencentes á sociedade Freire e Vázquez Arquitectos, S.L.P, cun orzamento base de licitación de 2.132.125,52 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZNOL7Y9LOPX40JK7.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/11/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “Mellora do CEIP Daría González García”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 07/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora do CEIP Daría González García”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
- OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.
- CIVIS GLOBAL, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
- UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.- REVIIVS-REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, L.D.A
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
- CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
- OBRAS GALLAECIA, S.L.
- ORECO BALGON, S.A.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.

Resultando.- Que a oferta da empresa CONSTRUCTORA CONVIAL, S.L., non foi admitida por presentar a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Centro Príncipe Felipe, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que a Técnica de Administración Xeral María Cruz Farto Justo, a Técnica de Mantemento do Centro Príncipe Felipe, Patricia Pérez Fernández e a Xefa de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe Ana Soto Prieto con datas 10 e 11 de novembro de 2022 un informe conxunto relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	A memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre "A"
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	22,00	1,00	23,00
OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	14,00	1,00	15,00
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	22,00	3,00	25,00
UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.-REVIIVS-REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, L.D.A	20,00	1,00	21,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	10,00	3,00	13,00
CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	18,00	3,00	21,00
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	12,00	3,00	15,00
OBRAS GALLAECIA, S.L.	14,00	3,00	17,00
ORECO BALGON, S.A.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	6,00	1,00	7,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/11/2022 en base ó informe conxunto asinado pola Técnica de Administración Xeral, María Cruz Farto Justo, a Técnica de Mantemento do Centro Príncipe Felipe, Patricia Pérez Fernández e a Xefa de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe, Ana María Soto Prieto, con datas 10 e 11 de novembro de 2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora do CEIP Daría González García".



Resultando.- Que tamén acordou non proceder a efectuar a apertura do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentado pola empresa Construcciones y Obras Taboada y Ramos, S.L., por non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, de conformidade co establecido na cláusula 10.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe neste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.369.670,39 €	3%	36 meses	SI	SI
OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	1.576.610,66 €	3%	36 meses	SI	SI
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	1.481.739,13 €	3%	36 meses	SI	SI
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	1.405.264,55 €	3%	36 meses	SI	SI
UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.- REVIIVS-REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, L.D.A	1.504.525,60 €	3%	36 meses	SI	SI
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1.498.126,54 €	3%	36 meses	SI	SI
CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	1.477.862,54 €	3%	36 meses	SI	SI
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	1.320.330,00 €	3%	36 meses	SI	SI
OBRAS GALLAECIA, S.L.	1.469.400,00 €	3%	36 meses	SI	SI
ORECO BALGON, S.A.	1.464.646,89 €	3%	36 meses	SI	SI



Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. atenderon ó requirimento en prazo, dando traslado da xustificación das súas ofertas ó Centro Príncipe Felipe para que dende os seus servizos técnicos se valorara as citadas xustificacións.

Resultando.- Que en informe emitido polos servizos técnicos do Centro Príncipe Felipe na data 02/12/2022, conclúese que non se considera que ás empresas XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. xustifiquen de forma fehaciente as súas ofertas económicas anormais ou desproporcionadas. En consecuencia, estímase que nas dúas empresas non se reúnen os requisitos sinalados no artigo 149 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para considerar xustificada á oferta anormalmente baixa en canto ó prezo, motivo polo cal NON deben ser tidas en consideración no proceso de adjudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 15/12/2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE "B"
OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	31,28	5,00	5,00	5,00	46,28
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	47,27	5,00	5,00	5,00	62,27
CONSTRUCCION ES RAMIREZ, S.L.	60,00	5,00	5,00	5,00	75,00



UTE CONSTRUCCION ES ABAL, S.A.- REVIIVS- REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, L.D.A	43,43	5,00	5,00	5,00	58,43
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	44,51	5,00	5,00	5,00	59,51
CONSTRUCCION ES OREGA, S.L.	47,91	5,00	5,00	5,00	62,91
OBRAS GALLAECIA, S.L.	49,32	5,00	5,00	5,00	64,32
ORECO BALGON, S.A.	50,11	5,00	5,00	5,00	65,11

Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "*Mellora do CEIP Daría González García*", que queda da seguinte forma:

Posición	LICITADORES	Puntuación Sobre "A"	Puntuación Sobre "B"	Puntuación Total
1	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	25,00	75,00	100,00
2	ORECO BALGON, S.A.	25,00	65,11	90,11
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	23,00	62,27	85,27
4	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	21,00	62,91	83,91
5	OBRAS GALLAECIA, S.L.	17,00	64,32	81,32
6	UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.- REVIIVS-REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, L.D.A	21,00	58,43	79,43
7	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	13,00	59,51	72,51
8	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	15,00	46,28	61,28

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora do CEIP Daría González García*" á empresa CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L. (CIF:B36011005), por un importe de 1.700.370,10 €, IVE incluído.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 3) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 70.263,23 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 23/12/2022 con número de operación 202200261773.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: *“...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”*

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Inadmitir a oferta presentada pola empresa CONSTRUCTORA CONVIAL, S.L., por presentala fora do prazo establecido no prego de cláusulas económico administrativas que rexen nesta contratación.
2. Excluír do procedemento as ofertas presentadas polas empresas XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.



4. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L. (CIF B36011005) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora do CEIP Daría González García* " por un importe de 1.700.370,10 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	1.405.264,55 €
IVE (21%)	295.105,55 €
Importe Total.....	1.700.370,10 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

5. Nomear directoras de obra ás arquitectas do Servizo de Arquitectura, María del Carmen Gómez Manzano e Ana Isabel Couto Pérez.

O prazo de execución será de OITO (8) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/232.2312.632.023.2022 e 23/232.2312.632.03.2021 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022034932.



7.32450.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON RADIO VIGO SAU. PARA A ANUALIDADE 2023 (Expte. 2022066522)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 2 de decembro de 2022, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U. para a anualidade 2023, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Radio Vigo, S.A.U.

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 7 de decembro de 2022, á empresa Radio Vigo, S.A.U. no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A citada empresa presentou con data 15 de decembro de 2022 a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte:

Prezo ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado IVE incluído
103.305,79 €	21.694,21 €	125.000,00 €

Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado: Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
Radio Vigo, S.A.U. (A36612414)	103.305,79 €	0 puntos

A empresa proposta para a adxudicación presentou a documentación requirida a través do rexistro electrónico da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e na resolución presidencial do requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.165,29 € (carta de pago núm. 202200259534 de data 20/12/2022).



Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U. para a anualidade 2023*”, á empresa Radio Vigo, S.A.U. (A36612414), polos prezos unitarios coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: KINHJPBUJTXYBG7F). A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	125.000,00 €
------------------------	--------------

O prazo máximo de duración do contrato será desde a formalización ata o 31 de decembro de 2023. A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2023, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>)

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022066522	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

8.32451.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS DOS PROXECTOS "DA TÚA MAN" DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADO, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIOS E CANLES CURTAS DE COMERCIALIZACIÓN E "COMMERCE INSIDE" DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA -NEXT GENERATION EU (Expte.2022060385)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 4 de novembro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade, trámite de urxencia, da “*Subministración de illas ecolóxicas dos proxectos «Da túa man»*”, dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “*Commerce Inside*” dentro da liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next GenerationEU.



Con data 07/11/2022 foron invitadas ao procedemento negociado sen publicidade antedito as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861)
- GESTCONVERT, S.L. (B94066719)
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537)

Con data 18/11/2022 procédese a apertura dos sobres únicos das ofertas presentadas, con seguinte resultado, a empresa construcciones Fechi S.L. non presenta oferta, e a empresa *Movimientos de áridos y construcciones de Arosa S.L.*, supera o prezo de licitación polo que non se lle invita a participar na fase de negociación.

Con data 22/11/2022 iníciase na Plataforma de licitación electrónica a fase de negociación, invitando a mellorar a proposta inicial nun prazo de 10 días hábiles á empresa Gestconvert S.L.
Con data 09/12/2022 procédese a apertura da fase de negociación, observándose que a empresa Gestconvert S.L., mantense na súa oferta inicial.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 15/12/2022, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36533537) porque a súa oferta supera o prezo de licitación.

No mesmo acto, a Mesa de Contratación propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa GESTCONVERT, S.L. (B-94066719), polo prezo e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2022009024, de data 20/12/2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require a GESTCONVERT, S.L. (B-94066719) que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa GESTCONVERT,S.L. presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX_WEB2022065021 de data 27/12/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 14.620,00 € (carta de pago núm. 202200265720 de data 28/12/2022).



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir a empresa *Movimientos de Áridos y Construcciones Arosa S.L.* (B-36533537), por superar o prezo de licitación establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

2.- Adxudicar o contrato mediante procedemento negociado sen publicidade, trámite de urxencia da “*Subministración de illas ecolóxicas dos proxectos «Da túa man»*” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercios non sedentario e canles cortos de comercialización e “*Commerce Inside*” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, á empresa *GESTCONVERT, S.L.* (B-94066719), polos seguinte prezos unitarios e valores ofertados.

1.- Prezo ofertado:

Illas Ecolóxicas

Proxecto	Unidades	Prezo unit ofertado (€)	Importe Total (€)	IVE (€)	Importe Total Ofertado (€)
Commerce Inside	16	8.600,00€	137.600,00€	28.896,00€	166.496,00 €
Da túa Man	18	8.600,00€	154.800,00€	32.508,00€	187.308,00 €
IMPORTE TOTAL:			292.400,00 €	61.404,00 €	353.804,00 €

2- Redución no prazo de entrega das subministracións:

A totalidade dos elementos obxecto do contrato ofertados subministraranse nun prazo máximo de 90 días desde a notificación da solicitude realizada pola Deputación de Pontevedra.



Prazo de execución:

O prazo de execución será catro meses contados a partir da formalización do contrato.

Consta no expediente CIVIDAS, autorización do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, da ampliación do prazo de execución das actuacións dos dous proxectos “Da túa man” e “Commerce Inside”, ata o 30 de setembro de 2023.

Financiación:

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” do vixente orzamento provincial e conforme ao seguinte:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Importe total (co IVE)
2023	433.4314.652.99.2022	Comerce Inside	166.496,00€
2023	240.4314.652.99.2022	Da túa man	187.308,00€

Tempo e lugar de entrega:

Os elementos obxecto do contrato deberán subministrarse e instalarse nas localizacións indicadas no prego técnico no prazo máximo de 90 días contados desde a notificación da solicitude de pedido realizada por parte da Deputación de Pontevedra.

Coa entrega de cada un dos pedidos realizados asinarase entre as persoas representantes da Deputación de Pontevedra e da empresa adxudicataria unha ACTA DE ENTREGA, (Anexo VIII) do prego de cláusulas administrativas particulares.

Forma de pagamento: parcial

Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas en función das subministración realizadas polo que, o pago realizarase fraccionado en función das mesmas.

A empresa adxudicataria presentará unha factura por cada solicitude de pedido que irá acompañadas pola correspondente acta de entrega.



As facturas deberán conformarse pola persoa responsable do contrato en cada caso.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)			Nº de exp.:	2022060385
Órgano xestor:	Turismo: LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135
	Promoción do emprego: LA0007802				

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Ruth González Reyes, xefa de servizo de Turismo Rías Baixas e Manuel Corujo Castro, xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local ou persoas en las que deleguen

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de 10 días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



9.32452.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PACKAGING SUSTENTABLE E REUTILIZABLE DOS PROXECTOS “DA TÚA MAN” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E “COMERCE INSIDE” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA -NEXT GENERATION EU. (Expte.2022062046)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 4 de decembro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto da: “*Subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos «Da túa man»*” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE_ NEXT GENERATION EU.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9/11/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2 de decembro de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras:

MASTER TOUCH PUBLICIDAD S.L. (B-82265190)
IBERISAC BOLSAS PARA COMUNICAR S.L. (B-27858224)
PRODUCCIONES MIC S.L. (B-24301871)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados polas empresas admitidas constan no Certificado da Mesa de contratación con CSV (368DR1K7DU26S0SW).

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre B de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas. As puntuacións obtidas, segundo constan no informe con CSV A0CVFZ5M768GDA2Y emitido polo Xefe do Servizo de contratación.



De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 15/12/2022, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas e en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceder á adxudicación do contrato a favor da empresa MASTER TOUCH PUBLICIDAD S.L. (B-82265190), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 20220099044, de data 20/12/2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require a MASTER TOUCH PUBLICIDAD S.L (NIF: B-82265190), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa MASTER TOUCH PUBLICIDAD S.L (NIF: B-82265190), presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada REX_WEB2022065093 de data 28/12/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 17.430,00€ (carta de pago núm. operación 202200264160 de data 28/12/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato da subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “*Commerce Inside*” dentro da liña de



axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE_ NEXT GENERATION EU, á empresa Master Touch Publicidad S.L. (B-82265190) polos prezos e valores ofertados e conforme ao seguinte:

Prezo para 200.000 bolsas	
Total sen IVE	348.600,00€
21% de IVE	73.206,00€
Total IVE incluído	421.806,00€

E de acordo co seguinte detalle:

1. Incremento de cantidades a subministrar no formato de bolsas Rpet: total 195.000 uds.(aumento de 135.000 uds +60.000 uds)
2. Incremento de cantidades a subministrar no formato de bolsas Pla 100% compostable: total 165.000 uds.(aumento de 105.000 uds +60.000 uds)
3. Incremento de cantidades a subministrar no formato de bolsas reciclable e reutilizable: total 125.000 uds.(aumento de 45.000 uds + 80.000 uds).

Prazo de execución:

O prazo de execución será de 90 días a contar desde a data de formalización do contrato.

Establécense como prazos mínimos os seguintes:

- Prazo para a entrega por parte da Deputación de Pontevedra, de logotipos e deseños para a gráfica do subministro: 5 días tras a formalización do contrato.
- Probas de cor e/ou mostras das bolsas e serigrafiadas e/ou estampados para cada proxecto deberá ser presentado no prazo máximo de 10 días naturais tras a entrega dos logotipos e deseños pola Deputación de Pontevedra.
- Prazo no que a Deputación facilitará os rexistros para a distribución do subministro: 5 días tras a formalización do contrato.

Consta no expediente CIVIDAS, autorización do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, da ampliación do prazo de execución das actuacións dos dous proxectos “Da túa man” e “Commerce Inside”, ata o 30 de setembro de 2023.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte detalle:

Proxecto	Aplicación orzamentaria	Importe IVE incluído
Da túa man	23/940.4314.226.99.2022 (na vinculación xurídica)	210.903,00€
Commerce Inside	23/433.4314.226.99.2022	210.903,00€

Forma de pagamento: total:

O pagamento realizarase contra a presentación de dúas facturas, unha por cada proxecto, unha vez distribuído o subministro de bolsas nos concellos de cada proxecto.



A empresa adxudicataria deberá achegar aos servizos de Turismo e Promoción do emprego, os albarás de entrega debidamente asinados polo persoal do concello ou técnico da Deputación para a súa conformidade.

O incremento de unidades a subministrar ofertadas de bolsas Rpet, bolsas Pla 100% compostable, bolsas reciclables e reutilizables, sobre as mínimas establecidas no PPT, non terán custe para a administración.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Tempo e lugar de entrega (subministracións):

As cantidades a distribuír en cada concello, serán comunicadas polos servizos Turismo e Promoción de Emprego á empresa adxudicataria, no prazo máximo de 5 días tras a formalización do contrato. As bolsas a subministrar serán entregadas nunha única localización por Concello.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036(CIF: P3600000H)		Nº de exp.:	2022062046	
Órgano xestor:	Turismo: LA0006122 Promoción do emprego: LA0007802	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Ruth González Reyes, xefa de servizo de Turismo Rías Baixas e Manuel Corujo Castro, xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local ou persoas en las que deleguen.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de 10 días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

10.32453.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2020014145)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 18 de decembro de 2020, adxudicou o “Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra” ás seguintes empresas, para cada un dos lotes, polos prezos e valores ofertados reflexados no citado acordo:

- Lote 1: Tecnica y proyectos SA (CIF: A28271288).
- Lote 2: Ingeniería y prevención de riesgos SL (CIF: B81470841).
- Lote 3: Atenea Seguridad y Medioambiente SAU (CIF: A82876905).
- Lote 4: Aquatica Ingeniería Civil SL (CIF: B36962314).

O prazo de duración do contrato, común aos catro lotes, estableceuse nun ano, contado desde a sinatura do contrato, dispoñéndose tres prórrogas dun ano de duración cada unha delas.

Os catro lotes do Acordo Marco formalizáronse en documento administrativo de data 22 de xaneiro do 2021, sen prexuízo da posibilidade de prórroga.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2021, adoptou, entre outros o acordo de aprobación da primeira prórroga de todos os lotes do “Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra”, durante o período 22 de xaneiro de 2022 ao 21 de xaneiro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 11 de novembro de 2022 o Director de Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe, con CSV: L7XHEG3H7Z6UA0EZ, no que se solicita prorrogar os lotes 1, 2 e 3 do devandito Acordo Marco polo período dun ano, con efectos dende o 22 de xaneiro de 2023 ata o 21 de xaneiro de 2024. Así mesmo, con data 28/11/2022 a Xefa en funcións do Servizo de Arquitectura emite informe, con CSV: G9B1WR7EF6AXKKEX, no que se solicita prorrogar o lote 4 do devandito Acordo Marco polo período dun ano, con efectos dende o 22 de xaneiro de 2023 ata o 21 de xaneiro de 2024. De acordo os citados informes, na actualidade a execución do Acordo Marco vense desenvolvendo segundo o pactado, e tendo en conta o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte da empresa contratista que xustifiquen a improcedencia da prórroga.



Tendo en conta o artigo 29.2 LCSP, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para a empresaria ou empresario sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.

Tendo en conta que, de conformidade co dito artigo, a cláusula 4 do prego económico-administrativo, e o propio *Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra*, previron a posibilidade de realizar tres prórrogas, cun prazo de duración dun ano cada unha, ata alcanzar o prazo de duración total de catro anos.

Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga dos contratos dos lotes 1, 2 e 3 en data 11 de novembro de 2022 e do lote 4 en data 04 de novembro 2022, en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación, neste caso, a Xunta de Goberno, adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, de data 27 de decembro do 2022 (CSV: R918EKEF5ELONM0P), segundo o cal:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe dos responsables do Acordo Marco, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do Acordo Marco por unha anualidade, desde o 22 de xaneiro de 2023 ó 21 de xaneiro de 2024.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 22 de xaneiro de 2023.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste acordo marco; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a segunda prórroga do *Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra* suscrito coa empresa Técnica y proyectos SA (CIF: A-28271288) para o Lote 1, Ingeniería y prevención de riesgos SL (CIF: B-81470841) para o Lote 2, Atenea Seguridad y Medioambiente SAU (CIF: A-82876905) para o Lote 3 e Aquatica Ingeniería



Civil SL (CIF: B-36962314) para o Lote 4, durante o período 22 de xaneiro de 2023 a 21 de xaneiro de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Os contratos que deriven da presente prórroga anual deste Acordo Marco (desde o 22 de xaneiro de 2023 ó 21 de xaneiro de 2024), que se axustarán aos prezos unitarios ofertados pola empresa contratista, serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda, dentro do proxecto de gasto da respectiva obra, debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación.

No caso de tratarse de anualidades futuras (neste caso ano 2023 e 2024), o gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

11.32454.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REXE A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA DE REDACCIÓN DE PROXECTOS DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS DE PONTEVEDRA (Expte. 2020022852)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2020, adxudicou o “*Acordo marco que rexe a prestación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” ás seguintes empresas, para cada un dos lotes, polos prezos e valores ofertados reflexados no citado acordo:

- Lote 1: PROYESTEGAL S.L. (CIF B-27.159.730).
- Lote 2: INGENIERIA DEL NOROESTE S.L. (CIF B-15.128.838).
- Lote 3: ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A. (CIF A-15.093.081).

O prazo de duración do contrato, común aos tres lotes, estableceuse nun ano, contado desde a súa formalización, dispoñéndose tres prórrogas dun ano de duración cada unha delas.

Os tres lotes do Acordo Marco formalizáronse en documento administrativo de data 28 de xaneiro do 2021, sen prexuízo da posibilidade de prórroga.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 3 de decembro de 2021, adoptou, entre outros o acordo de aprobación da primeira prórroga de todos os lotes do “*Acordo marco que rexe a prestación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na rede de estradas provinciais de Pontevedra*”, durante o período 28 de xaneiro de 2022 ao 27 de xaneiro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



Con data 11 de novembro de 2022 o Director de Infraestruturas e Vías Provinciais e a Xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais emiten informe, con CSV: 6SYLU9PD592769AN, no que se solicita prorrogar os lotes 1, 2 e 3 do devandito Acordo Marco polo período dun ano, con efectos dende o 28 de xaneiro de 2023 ó 27 de xaneiro de 2024. No citado informeponse de manifesto que na actualidade a execución do Acordo Marco vense desenvolvendo segundo o pactado, e tendo en conta o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte da empresa contratista que xustificuen a improcedencia da prórroga.

Tendo en conta o artigo 29.2 LCSP, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para a empresaria ou empresario sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.

Tendo en conta que, de conformidade co dito artigo, a cláusula 5 do prego económico-administrativo, e o propio *Acordo marco que rexe a prestación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na rede de estradas provinciais de Pontevedra*, previron a posibilidade de realizar tres prórrogas, cun prazo de duración dun ano cada unha, ata alcanzar o prazo de duración total de catro anos.

Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga dos contratos dos lotes 1, 2 e 3 en data 11 de novembro de 2022, en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación, neste caso, a Xunta de Goberno, adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, de data 27 de decembro do 2022 (CSV: MKGFHMT6KND4ZYMJ), segundo o cal:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do Acordo Marco, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do Acordo Marco por unha anualidade, desde o 28 de xaneiro de 2023 ó 27 de xaneiro de 2024.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 28 de xaneiro de 2023.”



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste acordo marco; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a segunda prórroga do *Acordo marco que rexe a prestación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na rede de estradas provinciais de Pontevedra* suscrito coa empresa PROYESTEGAL S.L. (CIF: B27159730) adxudicataria do lote nº 1, INGENIERÍA DEL NOROESTE S.L. (CIF: B15128838) adxudicataria do lote nº 2, e ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A. (CIF: A15093081) adxudicataria do lote nº 3, durante o período 28 de xaneiro de 2023 ó 27 de xaneiro de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Os contratos que deriven da presente prórroga anual deste Acordo Marco (28 de xaneiro de 2023 ó 27 de xaneiro de 2024), que se axustarán aos prezos unitarios ofertados pola empresa contratista, serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 456.4530.612.02, debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación.

No caso de tratarse de anualidades futuras (neste caso ano 2023 e 2024), o gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

12.32455.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE EVOLUCIÓN E XESTIÓN DA REDE SMARTPEME DE PONTEVEDRA (Expte. 2021041034)

Na sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de evolución e xestión da Rede SmartPeme de Pontevedra* á empresa KPMG ASESORES SL (CIF B-82.498.650), polo seguinte importe e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

1.- Prezo ofertado (sen IVE):

	Prezo unitario (sen IVE)	Nº unidades	Total (sen IVE) (Prezo unitario *Nºunidades)
Servizo de asesoramento	1.026.461,17 €/ano	1	1.026.461,17 €
Talleres formativos	200,00 €/taller	150	30.000,00 €
Actividades complementarias	5.000,00€ / actividade	8	40.000,00 €
TOTAL OFERTADO (SEN IVE)			1.096.461,17 €
IVE (21 %)			230.256,85 €
TOTAL OFERTADO (IVE incluído)			1.326.718,02 €



2.- Número de asesoramentos anuais ofertados: 2.000 asesoramentos.

3.- A empresa KPMG Asesores SL dispón de Certificación que acredite a xestión e control da calidade relacionada co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 9001 ou similar).

4.- Número anual de talleres formativos ofertados a maiores do mínimo esixido nos pregos:0.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 21 de febreiro de 2022 e o prazo de duración é de 12 meses contados desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de unha prórroga de 12 meses de duración.

Con data 18 de novembro de 2022 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de 12 meses, con efectos desde o 21 de febreiro do 2023 ata o 20 de febreiro do 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 15 de novembro de 2022 (data de comparecencia: 15/11/2022), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 22 de novembro do 2022, a Intervención emitiu documentos de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202200237596, polo importe de 1.160.878,27 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.9260.227.06, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023.

De conformidade co informe conxunto do Servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 27 de decembro do 2022 (CSV: J5UU8VPQ5COE6R6P), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga deste contrato por 12 meses, desde o 21 de febreiro do 2023 ata o 20 de febreiro do 2024. O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 21 de febreiro do 2023.”



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a. 2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato do “*Servizo de evolución e xestión da Rede SmartPeme de Pontevedra*” subscrito coa empresa KPMG Asesores SL (CIF: B82498650), durante o período desde o 21 de febreiro do 2023 ata o 20 de febreiro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 21 de febreiro do 2023 ata o 20 de febreiro do 2024) e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (con IVE)
2023 (10,5 meses)	926.9260.227.06	1.160.878,27 €
2024 (1,5 meses)	926.9260.227.06	165.839,75 €

Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2023 e 2024 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

13.32456.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO LOTE Nº 2 DO CONTRATO DO SERVIZO CORPORATIVO DE TELECOMUNICACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2020033152)

Na sesión ordinaria do día 15 de xaneiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o lote nº 2 do contrato de *Servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra* á empresa Telefónica Móviles España SA (CIF A.78.923.125), polos valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 5 de marzo de 2021 e o prazo de duración é de 2 anos contados desde a sinatura da acta de inicio de prestación de servizo (fase de operación), que se produce en data 18 de marzo de 2021, con posibilidade de unha prórroga de 2 anos de duración.

Con data 20 de decembro de 2022 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de 2 anos, con efectos desde o 18 de marzo do 2023 ao 17 de marzo de 2025.



Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obligatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 13 de decembro de 2022 (data de comparecencia: 15/12/2022), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 22 de decembro do 2022, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202200260425, polo importe de 75.995,44 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.222.00, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023.

De conformidade co informe conxunto do Servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 27 de decembro do 2022 (CSV: H37XJPNJ804TQDY3), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do lote nº 2 do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga deste lote nº 2 do contrato por 2 anos, desde o 18 de marzo do 2023 ao 17 de marzo de 2025.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 18 de marzo do 2023.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do lote nº 2 do contrato do “*Servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra*” subscrito coa empresa Telefónica Móviles España SA (CIF: A78923125), durante o período desde o 18 de marzo do 2023 ata o 17 de marzo do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do lote nº 2 do contrato (desde o 18 de marzo do 2023 ata o 17 de marzo do 2025) e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (con IVE)
2023 (18/03 a 31/12)	926.9260.222.00	75.995,44 €
2024	926.9260.222.00	96.733,53 €
2025 (01/01 a 17/03)	926.9260.222.00	20.738,08 €

Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2023, 2024 e 2025 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

14.32457.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 2502 CERQUIDO – RIBADELOURO, DENDE O PQ. 1+950 ATA O PQ. 2+150 (CONCELLO DE TUI)” (Expte. 2021038292)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 17/06/2022 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguranza viaria na EP-2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o PQ 1+950 ata o PQ 2+150 (Concello de Tui)”, por un importe de 434.998,28, € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 14/07/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 14/01/2022.

Resultando.- Que con data 20/12/2022 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) meses, debido a que as condicións climatolóxicas do mes de novembro e decembro, nos se puido executar certas unidades de obra ó ritmo desexado co fin de non comprometer a calidade final da obra.

Resultando.- Con data 23/12/2022 emitiu informe o director de obra recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra en DOUS (2) MESES, ata o 14/03/2023.



Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor recollendo o seguinte: “...*En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente...*”.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”.

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...*Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...*”.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”.

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEIDIOAMBIENTE, S.A.. o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na prórroga do contrato "Mellora da seguranza viaria na EP-2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o PQ 1+950 ata o PQ 2+150 (Concello de Tui)" por un importe de 1.064,24 € IVE incluído.

Considerando.- O documento RC emitido pola Intervención por importe de 1.064,24 € con número de operación 202300008901, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, no contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 14/03/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEIDOAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905) o Contrato derivado lote 3: AM seguridade e saúde na obra de “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*” por un importe de 383,97 € de acordo co seguinte detalle:
Importe 879,57 €
IVE (21 %) 184,70 €
Importe total 1.064,24 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os DOUS (2) polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria na EP-2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o PQ 1+950 ata o PQ 2+150 (Concello de Tui)*” con efectos dende o 14/01/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2021038292.

15.32458.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN TOTAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8501 VALGA-MARTORES DENDE O P.Q. 1+050 ATA O P.Q. 1+500 (CONCELLO DE VALGA). (Expte.2022007989)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 22/07/2022 acordou adxudicar á empresa NAROM, S.L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Martores dende o PQ 1+050 ata o PQ 1+500 (Concello de Valga)*” por un importe de 423.947,30€ IVE e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 26/08/2022 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 26/02/2023.

Resultando.- Que con data 23/12/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre SESENTA E CINCO (65) DIAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que debido ás condicións meteorolóxicas



desfavorables que están acontecendo, con choivas e frío, as cales son incompatibles coa tipoloxía de unidades de obra que están pendentes de executar, é preciso paralizar as obras ata que mellore a climatoloxía. Na acta recóllese que a porcentaxe de obra executada é do 6,69 %, quedando unidades de obra pendentes de executar por importe de 395.598,96 €. Non consta no expediente anexo coa medición de obra executada e materiais acopiados.

Resultando.- Que con data 09/01/2022 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada polo director de obra, dedúcese que non se poden executar as unidades de obra pendentes, pois as condicións climatolóxicas desfavorables que están acontecendo, son incompatibles coa tipoloxía das unidades de obra pendentes de executar. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as causas que deron lugar á suspensión, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre SESENTA E CINCO (65) DÍAS para a finalización do prazo de execución...”.

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”.

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”.

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión total da execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Martores dende o PQ 1+050 ata o PQ 1+500 (Concello de Valga), con efectos dende o 23/12/2022.



Deberá unirse á acta de paralización no prazo de DEZ DÍAS, a contar dende o día seguinte á adopción deste acordo, anexo no que se recolla a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre SESENTA E CINCO (65) DIAS, para finalizar a obra.

16.32459.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "SUBMINISTRACIÓN E POSTA EN MARCHA DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA A ACTUALIZACIÓN E FORTALECEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS AUXILIARES DE ACONDICIONAMENTO DO CPD DE RESPALDO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA" (Expte.20180002079) (Devogaran 2023000945)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 21 de setembro de 2018, adjudicouse o contrato relativo a “*Subministración e posta en marcha das infraestruturas necesarias para a actualización e fortalecemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento do CPD de respaldo da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2018002079).

Para responder da realización deste contrato, a empresa *Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.* (CIF.- B-62758602), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 3.991,84 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201800156939, de data 12/09/2018.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración e posta en marcha das infraestruturas necesarias para a actualización e fortalecemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento do CPD de respaldo da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2018002079), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CRÉDITO Y CAUCIÓN, por importe de 3.991,84 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 12/09/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800156939.

17.32460.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO PARA A RENOVACION DA INFRAESTRUTURA DE TERMINAIS LIXEIROS DE POSTOS DE TRABAJO NAS OFICINAS DO ORAL" (Expte.20160014637) (Devogaran 2021028373)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 16 de setembro de 2016, adxudicouse o contrato relativo a “*Subministración e mantemento da infraestrutura de terminais lixeiros nos postos de traballo nas oficinas do ORAL*” (Exp. Ano 2008).

Para responder da realización deste contrato, a empresa *Periféricos y Memorias España, S.L.* (CIF.- B-62758602), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 4.302,86 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201600136258, de data 06/09/2016.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Periféricos y Memorias España, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do



Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración e mantemento da infraestrutura de terminais lixeiros nos postos de traballo nas oficinas do ORAL*” (Expte. 2016014637), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de GLOBAL RISKS, por importe de 4.302,86 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 06/09/2016, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201600136258.

18.32461.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO” E NOVO ENCARGO Á EMPRESA TRAGSA, COMO MEDIO PROPIO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, NO MARCO DAS ACTUACIÓNS DA RESTAURACIÓN AMBIENTAL DA XUNQUEIRA DE ALBA (Expte.2021064404)

Antecedentes de feito:

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, ascendendo a proposta económica do encargo a un importe de 3.623.999,96 €.

Segundo. Unha das actuacións contempladas é a relativa ao traslado do Parque de Maquinaria ao Polígono de Barro (proxecto de execución elaborado por PROYFE S.L.-CSV OEBZS8YTU4ZIS5ND), cun orzamento de 2.288.730,63 euros e un prazo inicial de execución de oito meses, prazo ampliado ata o 28 de febreiro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno de data 16 de setembro de 2022.

Terceiro. Posteriormente, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión celebrada o 7 de outubro de 2022, acordou autorizar a redacción do proxecto modificado da obra “Traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro”, no marco das actuacións de restauración ambiental da Xunqueira de Alba encargadas á empresa TRAGSA como medio propio da Deputación de Pontevedra, en base aos informes técnicos que obran no expediente administrativo da súa razón.



Cuarto. Elaborado polo Servizo de Arquitectura o proxecto modificado da obra “Traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro”, cun orzamento de 2.745.532,96 €, en data 29 de decembro de 2022 concedeuse trámite de audiencia tanto ao redactor do proxecto orixinal (PROYFE) como á empresa TRAGSA, mostrando ambos a súa conformidade respecto da súa tramitación. Consta así mesmo no expediente, informe favorable de supervisión do citado proxecto modificado.

Quinto. Así mesmo, Servizo de Infraestruturas informa que no encargo non foron incluídos os servizos de traslado e reinstalación de diversos equipos fixos do taller mecánico que se atopan en bo estado de conservación e son necesarios nas novas instalacións, así como acometer unha serie de instalacións temporais, sendo urxente incluílos nun novo encargo da Deputación de Pontevedra á empresa Tragsa no marco das actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba.

Normativa aplicable, consideracións técnicas e xurídicas:

O réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo RD 69/2019, do 15 de febreiro.

As relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

O importe das obras, traballos, subministracións, estudos e proxectos realizados por TRAGSA se determinará aplicando ás unidades directamente executadas polo medio propio as tarifas correspondentes, atendendo ao coste efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto do encargo que se subcontraten con empresarios particulares (disposición adicional 24ª da LCSP, en relación cos artigos 6 e ss. do R.D. 69/2019).

O artigo 11.6 do RD 69/2019, do 15 de febreiro, sinala que nos encargos cuxo obxecto sexa a execución de obras, liquidaranse a TRAGSA os excesos de obra executada sen necesidade de tramitar unha modificación do encargo cando as variacións consistan no número de unidades realmente executadas sobre as prevista nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do orzamento contido na formalización do encargo, imposto sobre o Valor Engadido ou equivalente excluído.

A constatación do cumprimento do encargo e, cando proceda, a recepción da prestación realizaranse de acordo co establecido no artigo 210 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 11 do RD. 69/2019).



En canto ao procedemento aplicable ás modificacións e outras incidencias dos encargos a medios propios, haberá de estar en primeiro lugar ao establecido no documento de formalización xa que logo nos atopamos ante unha relación de carácter interno e non contractual; e en defecto de previsión específica, a modificación do proxecto axustarase ao disposto nos artigos 203 a 207 e no artigo 242 da Lei 9/2017, coas adaptacións ou especificidades que correspondan ao tratarse dun encargo a un medio propio.

No referido ás obras do traslado do Parque de Maquinaria, no presente expediente consta a posibilidade expresa de modificar o encargo como consecuencia da necesidade de modificar o proxecto sen que aquela, de acordo cos prezos unitarios- segundo tarifa-nos que se descompón o orzamento do medio propio, poida superar a porcentaxe do 20% da cantidade fixada inicialmente.

En relación co anterior, o proxecto modificado ten un orzamento de 2.745.532,96 €, o que supón un incremento de 456.802,33 € (19,96%) respecto do importe fixado inicialmente no proxecto, e a súa redacción ven motivada por unha serie de circunstancias reflectidas no informe do Servizo de Arquitectura de data 29 de decembro de 2022 (CSV:LPIHQB4IKNWBQUEY).

En dito informe ponse de manifesto que a medida que avanzaban os traballos se observaron as primeiras discrepancias entre o recollido no proxecto e a realidade da obra, discrepancias que non podían ser previstas nin na comprobación do reformulo nin durante a supervisión do proxecto posto que se revelan progresivamente tralo inicio dos traballos e que se poden encadrar en dúas categorías:

- a) Tarefas incluídas na documentación técnica do proxecto (prego, memoria, planos, descompostos de unidades...etc.) pero cuxa medición non concorda coa realidade da obra, toda vez que se inician os traballos das mesmas, polo que a partida imputada no orzamento non cubre os costes reais.
- b) Tarefas non incluídas no proxecto, debido a inexactitudes do mesmo respecto da realidade física atopada tralo inicio das obras, que a xuízo da dirección facultativa deben ser executadas para que unha vez finalizadas as mesmas o parque poda ser utilizado en boas condicións.

Este modificado e os traballos incluídos nel, implican un aumento de prazo de execución de un (1) mes, alcanzando un prazo de execución total de catorce (14) meses.

O proxecto modificado se presenta antes de rematar o prazo de execución e introduce as variacións estritamente necesarias e indispensables para responder ás causas obxectivas que fixeron necesaria a súa redacción, respondendo a razóns de interese público.

O seu importe afrontarase con cargo ás aplicacións 23/457.4500.622.03.2022 e 23/457.4500.632.03.2022 do vixente Orzamento Provincial.



Consta no expediente escrito de conformidade do redactor do proxecto e da empresa TRAGSA, onde acepta expresamente o proxecto modificado e os seus prezos, así como informe favorable de supervisión do citado proxecto modificado.

Así mesmo, tal e como informa o Servizo de Infraestruturas, (CSV):HWXWUPM05QAX5S62, é necesario realizar un novo encargo incorporando os servizos de traslado e reinstalación de diversos equipos fixos do taller mecánico do Parque que se atopan en bo estado de conservación e son necesarios nas novas instalacións; ademais, o ritmo de execución dos traballos da nova construción fai que a demolición das actuais teña que facerse antes do remate das novas, polo que xorde a necesidade de dispor dunhas instalacións temporais, de carácter mínimo ou básico, mentres non se poida facer uso das definitivas.

O importe destas actuacións adicionais, segundo o orzamento que figura no expediente, ascende á cantidade de 46.799,24 €, IVE incluído, que se afrontará con cargo á aplicación 23/456.4530.633.01 do vixente orzamento provincial ao ser o Servizo de Infraestruturas o centro xestor que solicitou a súa tramitación.

Visto o informe do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal co (CSV): UP641FHQGP1KZRIZ, que conta co conforme do Secretario Xeral.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención respecto á tramitación do presente expediente (CSV):56XLW2DND6340ZW0.

Á vista do exposto, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar o proxecto modificado da obra “TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO”, por importe de 2.745.532,96 €, que supón un incremento cuantitativo con respecto ao proxecto inicial de 456.802,33 €, que se afrontará con cargo ás aplicacións 23/457.4500.622.03.2022 e 23/457.4500.632.03.2022 do vixente Orzamento Provincial.

Segundo. Conceder á empresa TRAGSA S.A., S.M.E, MP, como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de UN (1) MES na execución do citado proxecto, establecendo como data para finalizar a obra o 28 de marzo de 2023.

Terceiro. Realizar un novo encargo á empresa TRAGSA S.A., S.M.E, MP, que abarca os servizos de traslado e reinstalación de diversos equipos fixos do taller mecánico do Parque de Maquinaria e instalacións provisionais, nos termos expostos no informe do Servizo de Infraestruturas mencionado nos antecedentes de feito.



O importe destas actuacións ascende á cantidade de 46.799,24 euros, IVE incluído, que se afrontará con cargo á aplicación 23/456.4530.633.01 do vixente orzamento provincial, quedando condicionadas á tramitación do oportuno expediente de modificación de crédito.

Cuarto. Darlle traslado do presente acordo á empresa TRAGSA S.A., S.M.E., MP, e aos Servizos de Arquitectura, Intervención, Contratación e Asistencia Intermunicipal.

19.32462.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 23/12/2022 (NÚM. 24.32423) EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO PRACTICUM DEPO 2021 (5ª MOBILIDADE) (Expte. 2021060768)

Visto o erro material padecido no acordo 24.32423 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2022 relativo á aprobación da “*Adxudicación de bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Practicum Depo 2021 (5ª mobilidade)*”.

Visto o informe-proposta do xefe de Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 10 de xaneiro de 2023.

Considerando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes, normativa aplicable e fundamentos de dereito e a súa motivación razoada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Corrixir o erro do acordo da Xunta de Goberno do día 23 de decembro de 2022 no referente á adxudicación de bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Practicum Depo 2021 (5ª mobilidade) (acordo núm. 24.32423), no seguinte sentido:

Onde di:

“(…)

ANEXO

Nome e apelidos	Sector	Centro de Formación	Destino	Data de inicio mobilidade	Data de fin mobilidade	Total días	Total axuda individual	Axuda viaxe	100% (axuda individual + axuda de viaxe)	90% (axuda individual + axuda de viaxe)	10% (axuda individual + axuda de viaxe)
Maria Cristina Cores Besada	Peiteado	IES Johan Carballreira	Italia	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	360,00	7.598,00	6.838,20	759,80
Marina Tobío Campos	Impresión gráfica	IES Montecelo	Italia	09/01/2023	15/06/2023	160	6.638,00	275,00	6.913,00	6.221,70	691,30
Carlota Panadero Soto	Impresión gráfica	IES Montecelo	Italia	09/01/2023	15/06/2023	160	6.638,00	275,00	6.913,00	6.221,70	691,30
Lorena Castro Isla	Coidados auxiliares de enfermería	Divino Maestro	Irlanda	09/01/2023	22/06/2023	167	7.962,00	275,00	8.237,00	7.413,30	823,70



José Ocampos Vázquez	Vídeo Disc-Jockey e Son	Marote	Irlanda	09/01/2023	22/06/2023	167	7.962,00	275,00	8.237,00	7.413,30	823,70
Alexandra Lima Besada	Xestión administrativa	IES Vilalonga	Italia	09/01/2023	22/06/2023	167	6.918,00	275,00	7.193,00	6.473,70	719,30
Antía Gómez Piñeiro	Panadería, repostería e confitería	EFA A Cancela	Italia	09/01/2023	31/08/2022	237	9.718,00	275,00	9.993,00	8.993,70	999,30
Nedra Fernández Porto	Xestión administrativa	EFA A Cancela	Italia	09/01/2023	11/05/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Jacobo Silva Alonso	Xestión administrativa	EFA A Cancela	R.Checa	09/01/2023	11/05/2022	125	4.446,00	275,00	4.721,00	4.248,90	472,10
Marta Carballo González	Xestión administrativa	EFA A Cancela	R.Checa	09/01/2023	11/05/2022	125	4.446,00	275,00	4.721,00	4.248,90	472,10
Yazmín Estévez Álvarez	Atención a persoas en situación de dependencia	CIFP A Xunqueira	Portugal	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	8.908,20	989,80
Telmo Páramos Rial	Instalacións de telecomunicacións	IES Rodeira	Malta	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	360,00	7.598,00	6.838,20	759,80
Sheila Gómez Rozados	Xestión administrativa	IES Laxeiro	Portugal	09/01/2023	08/05/2023	122	5.118,00	180,00	5.298,00	4.768,20	529,80
Joel Padín Tronoso	FP básica- Otimática de oficina	IES Francisco Asorey	Malta	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	360,00	10.078,00	9.070,20	1.007,80
Miguel Martínez Rodríguez	Instalación de telecomunicacións	IES Francisco Asorey	Malta	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	360,00	10.078,00	9.070,20	1.007,80
Guillermo Piñeiro Blanco	Aproveitamento e Conservación do Medio Natural	CFEA Lourizán	Portugal	09/01/2023	22/06/2023	167	6.918,00	275,00	7.193,00	6.473,70	719,30
Héctor Santos Fernández	Aproveitamento e Conservación do Medio Natural	CFEA Lourizán	Portugal	09/01/2023	22/06/2023	167	6.918,00	275,00	7.193,00	6.473,70	719,30
Brais Fernández Velasco	Soldadura e Caldeiraría	IES Sabaterra	Finlandia	09/01/2023	14/06/2023	159	7.594,00	360,00	7.954,00	7.158,60	795,40
Francisco Otero Rodríguez	Soldadura e Caldeiraría	IES Sabaterra	Finlandia	09/01/2023	14/06/2023	159	7.594,00	360,00	7.954,00	7.158,60	795,40
Damián Lorenzo Pires	Soldadura e Caldeiraría	IES Sabaterra	Finlandia	09/01/2023	14/06/2023	159	7.594,00	360,00	7.954,00	7.158,60	795,40
Sebastián Romero Zapata	Instalacións eléctricas y Automáticas	Colegio Vigo	Italia	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	275,00	7.233,00	6.509,70	723,30
Iván Bernárdez González	Electromecánica de vehículos automóbiles	Colegio Vigo	Italia	09/01/2023	20/06/2023	165	6.838,00	275,00	7.113,00	6.401,70	711,30
Xoel Martínez Carballo	Electromecánica de vehículos automóbiles	Colegio Vigo	Italia	09/01/2023	20/06/2023	165	6.838,00	275,00	7.113,00	6.401,70	711,30
Zaira Ocampo Oya	Coidados auxiliares de enfermería	CPR San Miguel	Italia	11/01/2023	21/07/2023	194	7.998,00	275,00	8.273,00	7.445,70	827,30
Adriana Casal Lago	Coidados auxiliares de enfermería	CPR San Miguel	Italia	11/01/2023	21/07/2023	194	7.998,00	275,00	8.273,00	7.445,70	827,30
Carolina Tellado Salgueiro	Coidados auxiliares de enfermería	CPR San Miguel	Portugal	09/01/2023	07/07/2023	182	7.518,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Cristian Luís Ferreira Corral	Instalacións de telecomunicacións	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	6.316,20	701,80
Rubén Seoane Chan	Sistemas frigoríficos e climatización	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.676,20	741,80
Maryen Igbaime Bonanane	Xestión administrativa	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.424,20	713,80
Nathaly Hossana Duarte Medina	Xestión administrativa	IES Chan do Monte	Italia	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	275,00	7.233,00	6.424,20	713,80
Santiago Porto Rojas	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Italia	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	275,00	7.233,00	6.509,70	723,30
Fabían Alvarriñas Augusto	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.509,70	723,30
Guilherme Lzal Fentanes	FP básica- Otimática de oficina	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.424,20	713,80
Miguel Santiago Gomes Souto	FP básica- Otimática de oficina	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	6.424,20	713,80
Francisco Javier Padín Collazo	Sistemas frigoríficos e climatización	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	8.908,20	989,80
Sergio Mariño Alvarez	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	8.908,20	989,80
Juan Luís Pérez Santos	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	6.676,20	741,80
José Manuel Sánchez Fernández	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	6.676,20	741,80
Andrés Rodríguez Pralo	FP básica- Otimática de oficina	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	8.908,20	989,80
Francisco Santamaría Orozco	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	6.676,20	741,80
									306.427,00 **		



Debe dicir:
“(..)

ANEXO

Nome e apelidos	Sector	Centro de Formación	Destino	Data de inicio mobilidade	Data de fin mobilidade	Total días	Total axuda individual	Axuda viaxe	100% (axuda individual + axuda de viaxe)	90% (axuda individual + axuda de viaxe)	10% (axuda individual + axuda de viaxe)
María Cristina Cores Besada	Peiteado	IES Johan Carbalreira	Italia	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	360,00	7.598,00	6.838,20	759,80
Marina Tobío Campos	Impresión gráfica	IES Montecelo	Italia	09/01/2023	15/06/2023	160	6.638,00	275,00	6.913,00	6.221,70	691,30
Carlota Panadero Soto	Impresión gráfica	IES Montecelo	Italia	09/01/2023	15/06/2023	160	6.638,00	275,00	6.913,00	6.221,70	691,30
Lorena Castro Isla	Coidados auxiliares de enfermería	Divino Maestro	Irlanda	09/01/2023	22/06/2023	167	7.962,00	275,00	8.237,00	7.413,30	823,70
José Ocampos Virzi	Vídeo Disc-Jockey e Son	Marvate	Irlanda	09/01/2023	22/06/2023	167	7.962,00	275,00	8.237,00	7.413,30	823,70
Alexandra Lima Besada	Xestión administrativa	IES Vilalonga	Italia	09/01/2023	22/06/2023	167	6.918,00	275,00	7.193,00	6.473,70	719,30
Antía Gómez Piñeiro	Panadería, repostería e confitería	EFA A Canela	Italia	09/01/2023	31/08/2022	237	9.718,00	275,00	9.993,00	8.993,70	999,30
Nedra Fernández Porto	Xestión administrativa	EFA A Canela	Italia	09/01/2023	11/05/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Jacobo Silva Alonso	Xestión administrativa	EFA A Canela	R.Checa	09/01/2023	11/05/2022	125	4.446,00	275,00	4.721,00	4.248,90	472,10
Marta Carballo González	Xestión administrativa	EFA A Canela	R.Checa	09/01/2023	11/05/2022	125	4.446,00	275,00	4.721,00	4.248,90	472,10
Yazmin Estévez Álvarez	Atención a persoas en situación de dependencia	CIFP A Xunqueira	Portugal	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	8.908,20	989,80
Telmo Páramos Rial	Instalacións de telecomunicacións	IES Rodeira	Malta	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	360,00	7.598,00	6.838,20	759,80
Sheila Gómez Rozados	Xestión administrativa	IES Laxeiro	Portugal	09/01/2023	08/05/2023	122	5.118,00	180,00	5.298,00	4.768,20	529,80
Joel Padín Troncoso	EP básica- Ofimática de oficina	IES Francisco Asorey	Malta	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	360,00	10.078,00	9.070,20	1.007,80
Miguel Martínez Rodríguez	Instalación de telecomunicacións	IES Francisco Asorey	Malta	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	360,00	10.078,00	9.070,20	1.007,80
Guillermo Piñeiro Blanco	Aproveitamento e Conservación do Medio Natural	CFEA Lourizán	Portugal	09/01/2023	22/06/2023	167	6.918,00	275,00	7.193,00	6.473,70	719,30
Héctor Santos Fernández	Aproveitamento e Conservación do Medio Natural	CFEA Lourizán	Portugal	09/01/2023	22/06/2023	167	6.918,00	275,00	7.193,00	6.473,70	719,30
Braís Fernández Velasco	Soldadura e Caldeiraría	IES Salvaterra	Finlandia	09/01/2023	14/06/2023	159	7.594,00	360,00	7.954,00	7.158,60	795,40
Francisco Otero Rodríguez	Soldadura e Caldeiraría	IES Salvaterra	Finlandia	09/01/2023	14/06/2023	159	7.594,00	360,00	7.954,00	7.158,60	795,40
Damián Lorenzo Pires	Soldadura e Caldeiraría	IES Salvaterra	Finlandia	09/01/2023	14/06/2023	159	7.594,00	360,00	7.954,00	7.158,60	795,40
Sebastián Romero Zapata	Instalacións eléctricas y Automáticas	Colegio Vigo	Italia	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	275,00	7.233,00	6.509,70	723,30
Irán Bernárdez González	Electromecánica de vehículos automóviles	Colegio Vigo	Italia	09/01/2023	20/06/2023	165	6.838,00	275,00	7.113,00	6.401,70	711,30
Xoel Martínez Carballo	Electromecánica de vehículos automóviles	Colegio Vigo	Italia	09/01/2023	20/06/2023	165	6.838,00	275,00	7.113,00	6.401,70	711,30
Zaira Ocampo Oya	Coidados auxiliares de enfermería	CPR San Miguel	Italia	11/01/2023	21/07/2023	194	7.998,00	275,00	8.273,00	7.445,70	827,30
Adriana Casal Lago	Coidados auxiliares de enfermería	CPR San Miguel	Italia	11/01/2023	21/07/2023	194	7.998,00	275,00	8.273,00	7.445,70	827,30
Carolina Tellado Salgueiro	Coidados auxiliares de enfermería	CPR San Miguel	Portugal	09/01/2023	07/07/2023	182	7.518,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Cristian Luis Ferreiro Corral	Instalacións de telecomunicacións	CPR San Miguel	Portugal	09/01/2023	20/06/2023	165	6.838,00	180,00	7.018,00	6.316,20	701,80
Rubén Seoane Chan	Sistemas frigoríficos e climatización	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	6.676,20	741,80
Maryen Ighaimi Bouanane	Xestión administrativa	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.424,20	713,80
Nathaly Hossana Duarte Medina	Xestión administrativa	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.424,20	713,80
Santiago Porto Rojas	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Italia	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	275,00	7.233,00	6.509,70	723,30
Fabían Alvarñas Augusto	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	275,00	7.233,00	6.509,70	723,30
Guilherme Leal Fontanes	FP básica- Ofimática de oficina	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.424,20	713,80



Miguel Santiago Gomes Souto	FP básica- Ofimática de oficina	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.424,20	713,80
Francisco Javier Padín Collago	Sistemas frigoríficos e climatización	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	8.908,20	989,80
Sergio Mariño Álvarez	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	8.908,20	989,80
Juan Luis Pérez Santos	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	6.676,20	741,80
José Manuel Sánchez Fernández	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	6.676,20	741,80
Andrés Rodríguez Prado	FP básica- Ofimática de oficina	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	8.908,20	989,80
Francisco Santamaría Orzco	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	6.676,20	741,80
									306.427,00*		

2.- Notificar este acordo ás partes interesadas.

20.32463.- APROBACIÓN DA 2ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TUI PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO DENDE O P.Q.1+950 ATA O P.Q. 2+150, (Expte. 2021007016)

1. O 5 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do "*Mellora da seguranza viaria na EP-2502 Cerquido-Ribadelouro dende o P.Q 1+950 ata o P.Q 2+150, (Tui)*", con vixencia, conforme á súa cláusula novena ata o 31 de decembro de 2022. O 19 de decembro de 2022 formalizouse a primeira addenda ao dito convenio estendéndose a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

A distribución do financiamento é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	327.770,73 €	70% obras
Concello de Tui	141.830,32 €	30% obras +100% expropiacións

A Deputación de Pontevedra financiou a súa achega 327.770,7 € con cargo á aplicación 21/456 4530 612.02 do orzamento provincial do ano 2021.

A achega do Concello de Tui (141.830,82 €), do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións) financiou con cargo a fondos propios.

2. A Deputación obtivo unha axuda para as actuacións obxecto do convenio ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000) acolléndose á convocatoria publicada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) o 10 de xuño de 2022.



Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

2ª A addenda ten por obxecto reformular o financiamento previsto no convenio como consecuencia da concesión da axuda solicitada á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a “*SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TUI PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO DENDE O PQ 1+950 ATA O PQ 2+150”*”.

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Dontra parte, Enrique Cabaleiro González, Alcalde do Concello de Tui no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin.



EXPOÑEN

I.- O 5 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “Mellora da seguranza viaria na EP-2502 Cerquido-Ribadelouro dende o PQ 1+950 ata o PQ 2+150” (Tui), con vixencia ata o 31 de decembro de 2022. O 19 de decembro de 2022 formalizouse a primeira addenda ao convenio estendéndose a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Conforme o convenio formalizado, a contribución económica do Concello de Tui ás obras, con fondos propios, é de 141.830,82 € (30% do importe das obras máis a valoración do xustiprezo polas expropiacións necesarias).

II.- A Deputación de Pontevedra solicitoulle, o 8 de xullo de 2022, á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP unha subvención para o Proxecto de Mellora da Seguranza Viaria na EP-2502 Cerquido-Ribadelouro dende o PQ 1+950 ata o PQ 2+150 (Tui), ao amparo da convocatoria da) para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación e a rehabilitación de contornos saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (C18.I.2).

III.- O 17 de novembro de 2022 publicouse na páxina web da FEMP a resolución do secretario xeral da, concedéndolle á Deputación de Pontevedra unha subvención por importe de 120.000 € para as obras obxecto do antedito convenio.

IV.- Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais aprobado polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as “actuacións de urbanización de vías provinciais serán cofinanciadas ó 70 % pola Deputación e o 30 % por cada concello.../ Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das existencias dos fondos.”

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de reformular o financiamento das obras previstas no Convenio e,

PACTAN:

PRIMEIRO.- Modificar o financiamento previsto no Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tui para a execución do proxecto “Mellora da seguranza viaria na EP-2502 Cerquido-Ribadelouro dende o PQ 1+950 ata o PQ 2+150” (Tui), quedando redactada a cláusula terceira de dito convenio do seguinte xeito:

“Os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados con cargo á aplicación 2023/456.4530.612.02/2021 do Orzamento Provincial na que se xerará crédito polo importe da axuda outorgada pola FEMP.



Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio tales como: os gastos de redacción de proxecto, contratos de servizos accesorios para a dirección, control e seguimento da execución das obras, serán financiados pola Deputación Provincial.

Conforme á Resolución da FEMP publicada en data 17 de novembro de 2022 e aos criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento é a seguinte:

Organismo	Achega	Porcentaxe (%)
FEMP	120.000,00 €	25,63 %
Deputación de Pontevedra e Concello de Tui	348.243,90 €	74,37 %
Total OBRAS	468.243,90 €	100 %

A contribución da Deputación de Pontevedra e do Concello de Tui (468.243,90 €) é a que se detalla:

Deputación de Pontevedra	243.770,73 €	70,00 %
Concello de Tui	104.473,17 €	30,00 %
TOTAL	348.243,90 €	100,00 %

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Tui:

Organismo	Achega	%
Concello de Tui	1.357,65 €	100,00
TOTAL EXPROPLACIÓN S	1.357,65 €	100,00

O importe achegado no seu día polo Concello de Tui procedente de fondos propios e non utilizado na financiación deste proxecto (36.000,00 €) debido á subvención da FEMP, reintegráraselle ao Concello.

De reaxustarse o importe da axuda concedida pola FEMP, manteranse os coeficientes de financiamento da Deputación de Pontevedra e do Concello de Tui.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-Lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea lóxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

SEGUNDO.- As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio en relación ao novo financiamento e período de vixencia imputados actualmente ás aplicacións orzamentarias.



Unha vez aprobada a presente Addenda levaranse a cabo as oportunas modificacións de crédito para axustar o novo financiamento do Convenio.

TERCEIRO. - Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio .

En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 5 de xullo de 2021, modificado por Addenda de 19 de decembro de 2022, mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

CUARTO. - A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto.

*A Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego*

*O Alcalde do Concello de Tui,
Enrique Cabaleiro González,*

*O Secretario Xeral da Deputación
Carlos Cuadrado Romay”*

2º.- Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

3º.- Notificarlle o presente acordo ao *Concello de Tui*, comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

21.32464.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO, PLUVIAIS E ABASTECIMENTO DO CAMIÑO SUBIDA A CIDADELLE, CHAPELA, REDONDELA”.
(Expte.2022072053)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do



principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 01/12/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Redondela na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 355.465,31 euros, con destino ao financiamento “*Renovación das redes de saneamento, pluviais e abastecemento do camiño subida a Cidadelle, Chapela, Redondela*”, cun orzamento por importe de 355.465,31 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras Administracions €	Fondos Propios €
2023	355.465,31	355.465,31	0,00	0,00
TOTAL	355.465,31	355.465,31	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia, da Consellería de Industria, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, da Consellería de Cultura, do Concello de Vigo e informe favorable da empresa concesionaria do servizo de augas de Redondela (Aqualia). Consta no expediente ditas autorizacións; non obstante, dado que na autorización outorgada, en data 23/12/2021, polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana se establece un prazo de execución das obra de 1 ano, o concello achega solicitude da renovación da autorización polo citado organismo.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 14/12/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.



- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 14/12/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 15/12/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Redondela* CIF P3604500C a cantidade de 355.465,31 €, con destino ao financiamento do investimento “*Renovación das redes de saneamento, pluviais e abastecemento do camiño subida a Cidadelle, Chapela, Redondela*” (Exppte.2022072053) cun orzamento polo importe de 355.465,31 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras Administracións €	Fondos Propios €
2023	355.465,31	355.465,31	0,00	0,00
TOTAL	355.465,31	355.465,31	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A presente concesión queda condicionada á obtención dunha nova prórroga/autorización por parte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. O documento acreditativo da concesión da prórroga/autorización deberá ser remitido ao servizo de cooperación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, antes do inicio do trámite de xustificación da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o *Concello de Redondela* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral



da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21^a.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Redondela*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

22.32465.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚMERO 2023000088 DE DATA 10 DE XANEIRO DE 2023, POLA QUE SE RECTIFICA O PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E SE REINICIA O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DUNHA PLATAFORMA QUE PERMITA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DO SISTEMA DE XESTIÓN AUTOMATIZADA DA VISITA AO CASTELO DE SOUTOMAIOR E AO CASTELO DE SOBROSO. (Expte. 2022058925)

Por Acordo de Xunta de Goberno de data 9 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior e ao Castelo de Sobroso.

O anuncio de licitación enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea e publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de contratación do sector público) en data 15/12/2022, sendo o prazo de finalización de ofertas o 12/01/2023.

Durante o prazo de presentación de ofertas, advírtese un erro no prego de cláusulas económico-administrativas, concretamente na cláusulas 9. criterios de adxudicación do contrato, sendo necesario corrixilo antes de que acabe o prazo de finalización de ofertas, cuxa data é anterior á próxima celebración da próxima sesión da Xunta de goberno, que actúa como órgano de contratación. Por este motivo, é necesaria a avocación da competencia na presidencia para a súa corrección inmediata.



A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á Presidenta para actuar como órgano de contratación. Dita competencia atópase delegada na base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €.

Tendo en conta o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que permite aos órganos delegantes avocar para si o coñecemento dun asunto cando determinadas circunstancias fágano conveniente; precisándose que a avocación sexa motivada.

A Presidencia, con data 10 de xaneiro de 2023, ditou a Resolución Presidencial número 2023000088, rectificando o prego de cláusulas administrativas particulares e se reiniciando o prazo de presentación de proposicións do procedemento aberto, cuxo contido literal é o seguinte:

“A Presidenta, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN.

Por Acordo de Xunta de Goberno de data 9 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior e ao Castelo de Sobroso.

O anuncio de licitación enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea e publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de contratación do sector público) en data 15/12/2022, sendo o prazo de finalización de ofertas o 12/01/2023.

Durante un prazo de presentación de ofertas, advírtese un erro no prego de cláusulas económico administrativas, concretamente na cláusula 9. Criterios de adxudicación do contrato, 9.1 Enumeración dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, concretamente no criterio número 9. Demostración práctica da solución proposta. Ata un máximo de 15 puntos; no sumatorio dos subcriterios das letras da a) ata a g), que en lugar de sumar 15 puntos, suman 19 puntos.

Tendo en conta o informe rectificativo da xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, Ruth González Reyes de data 5/01/2022 co csv DC8H6RUWB8Z79IZ5, no que di:

“Primeiro: Rectificar as puntuacións dos subcriterios referentes ao criterio avaliábeis mediante xuízo de valor nº 9 Demostración práctica da solución proposta. Ata 15 puntos da seguinte maneira:

Realizarase unha demostración práctica onde se comprobarán en tempo real, a operativa dos sistemas ofrecidos.



Co fin de valorar adecuadamente a solución proposta, a demostración práctica será filmada e cubrirá os seguintes subcriterios:

a) *Backoffice, Ata un máximo de 2 puntos:*

Configuración dun produto con aforo e sen aforo, elaboración de formularios de recollida de datos, inclusión de textos informativos en páxinas de compra, configuración de print at home. Personalización das entradas físicas. Flexibilidade para definir franxas de acceso e para definir novos produtos.

b) *Reserva e venda de entradas: Ata un máximo de 2 puntos:*

Usabilidade das canles (número de pasos e/ou pantallas, deseño e entorno amigable, accesibilidade), apertura, arqueo e peche de caixa dos despachos de billetes e emisión de documentos relacionados, impresión de entradas individuais e agrupadas, venda a través de dispositivos móbiles, xeración de facturas, devolución de entradas, modificación dunha reserva, sistema de despacho de billete móbil. Venda de complementos integrados, aplicación de promocións e descontos. Entrada electrónica.

c) *Módulo de intermediarios: descrición do módulo. Ata un máximo de 3 puntos.*

d) *Sistema de xestión da ocupación: descrición da solución para o control de aforos. Ata un máximo de 2 puntos.*

e) *Informes: informes predefinidos, xeración dun informe en tempo real, exportación dun informe, soportes de visualización. Ata un máximo de 2 puntos.*

f) *Actualizacións do sistema: descrición do proceso. Ata un máximo de 2 puntos.*

Sistema de monitorización de incidencias. Ata un máximo de 2 puntos.

Considerando o artigo 122 da Lei de contratos do sector público, Lei 9/2017, 8 de novembro, no que establece que “Os pregos de cláusulas administrativas particulares (...) só poderán ser modificados con posterioridade por error material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego conlevará a retroacción das actuacións”.

Tendo en conta o artigo 109.2, da Lei 39/2015, 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, no que establece que “As administracións públicas poderán así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritmético existente nos seus actos”.

Considerando o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, segundo o cal, nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerarquicamente, o órgano delegante poderá avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda por delegación, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente. En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dite. Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.

Considerando o artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o órgano delegante poderá avocar en calquera momento a competencia delegada con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da bases de execución do orzamento 16^a.1a), RESOLVO:

1.- Avocar puntualmente a competencia delegada pola Presidencia nas Bases de Execución do vixente orzamento provincial (base 16.2.a), a favor da Xunta de Goberno, para actuar como órgano de contratación no procedemento aberto para a adxudicación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior e ao Castelo de Sobroso.

2.- Aprobar o prego administrativo csv 5Q6NORZJR6WTASWQ, que rectifica a cláusula 9. Criterios de adxudicación do contrato, 9.1 Enumeración dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, concretamente no criterio número 9. Demostración práctica da solución proposta, tal e como se recolle no informe rectificativa da xefa do servizo de Turismo co csv DC8H6RUWB8Z79IZ5, e substituíndo o anterior prego, co csv D4F6B20PPXCAVGO6.

3.- Reiniciar prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación rectificado á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

No caso de que algunha empresa interesada houbera presentado oferta durante o prazo anterior, deberá volver a presentala neste novo prazo, conforme aos pregos rectificadas neste acordo.

4.- Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno, na primeira sesión que celebre”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade tomar coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2023000088, de data 10/01/2023, rectificando o prego de cláusulas administrativas particulares e reiniciando o prazo de presentación de proposicións do procedemento aberto para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automáticas da visita do castelo de Soutomaior e a o castelo de Sobroso.

23.32466.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2023. (Expte.2022070493)

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.



En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, elabora as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para actuacións e actividades de carácter turístico durante o ano 2023.

O 1 de decembro de 2022 o Servizo de Turismo emite informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións.

O 1 de decembro de 2022 emítase informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións.

O 9 de xaneiro de 2023 Intervención informa favorablemente as bases reguladoras das subvencións e certifica a existencia de crédito por importe de 100.000,00 € na aplicación 23/433.4320.489.01, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 202300008888.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Conta no expediente informe do Servizo de Turismo no que se indica a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para actuacións e actividades de carácter turístico durante o ano 2023, así como informe xurídico e de Intervención no que se sinala que as bases son correctas xuridicamente e que existe crédito suficiente, por importe de 100.000,00€, na aplicación 23/433.4320.489.01.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “*Bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para actividades de carácter turístico durante o ano 2023*”, que figuran no expediente co Código seguro de verificación (CSV): CKVIFCGQUL7HYYEW.

24.32467.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍAS BAIXAS” CORRESPONDENTES ANO ANO 2023. (Expte. 2022071289)

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea, ata o punto de que o Tratado de Lisboa contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter á UE no primeiro destino turístico mundial.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxías que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados.

A citada Lei dispón que corresponden ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local o asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, elabora as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” correspondentes ao ano 2023.

O 27 de decembro de 2022 emítase informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións (CSV: UVAJYIYGK00F8YR3)



O 28 de decembro de 2022 emítase informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: Z4BNA1G67K9H3Y0Z).

O 9 de xaneiro de 2023 Intervención emite informe con observacións (CSV: T3MXY03PHRPWTA7I) e certifica a existencia de crédito por importe de 280.000,00 € na aplicación 23/433.4320.462.03, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 202300008889.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos



deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilagarcía de Arousa (P3606000B)	30	<i>12 peóns axudantes albaneis, 8 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora a xornada completa durante 10 meses; 3 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 4 peóns instaladores/as electricistas, 1 peón fontaneiro/a e 1 peón axudante mantedor/a de instalacións deportivas a xornada completa durante 9 meses</i>	285.948,56 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: S91R7YOCYI8PA44U) e do informe de Intervención (CSV: D170NWPWM48ZOR7L), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Vilagarcía de Arousa* (CIF P3606000B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilagarcía de Arousa (P3606000B)	30	<i>12 peóns axudantes albaneis, 8 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora a xornada completa durante 10 meses; 3 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 4 peóns instaladores/as electricistas, 1 peón fontaneiro/a e 1 peón axudante mantedor/a de instalacións deportivas a xornada completa durante 9 meses</i>	285.948,56 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en



ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



35.32478.- COMUNICACIÓN

Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación.

SENTENZAS FAVORABLES
RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

- 35.1. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 442/21 promovidos por AXA SEGUROS GENERALES, S.A. e MARGARITA DACUÑA ALONSO sobre reclamación responsabilidade patrimonial por danos en vehículo na E.P. 2401 no termo municipal de O Porriño. (Expte. nº 2022002635)*

Dada conta que con data 5 de xullo de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 30 de xuño pasado do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 442/21 promovidos por *Axa Seguros Generales, S.A. e Margarita Dacuña Alonso*, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 1.577,16 € de principal, mais 112,91 € de intereses o que fan un total de 1.690,07 € por danos en vehículo producidos a consecuencia da irrupción dun xabaril o día 10/02/20 no p.k. 2+000 da EP 2401, no termo municipal de O Porriño) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 35.2. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 28/22 promovidos por ADRIÁN FONTÁN GARCÍA sobre reclamación responsabilidade patrimonial por danos en vehículo na EP-0006 de Marcón (EP-0004) a Lusquiños (EP-0002) no termo municipal de Pontevedra. (Expte. nº 2022006045)*

Dada conta que con data 20 de setembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 19 de setembro pasado do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 28/22 promovidos por ADRIÁN FONTÁN GARCÍA sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 594,36 € por danos en vehículo a consecuencia da caída dunha árbore sobre a calzada que invadía os dous carrís de circulación na estrada E.P.-0006 de Marcón E.P.0004 a Lusquiños E.P.0002 no P.K. 0+7000 sinistro sucedido o 30/08/2020 no termo municipal de Pontevedra) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



- 35.3. *Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, tendo por desistido á sociedade mercantil “PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA S.A.” nos autos de procedemento abreviado nº 29/22, sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vivenda na E.P. 2301 Gondomar-Peiteiros no termo municipal de Gondomar. (Expte.2022008794)*

Dada conta que con data 28 de xuño de 2022 notificase Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditado en autos de procedemento abreviado nº 29/22, polo que se acordou ter por desistido á mercantil “PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA, S.A.” na demanda interposta contra esta Deputación Provincial, sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vivenda na E.P. 2301 Gondomar – Peiteiros, no termo municipal de Gondomar na que reclamaba a cantidade de 3.626,88 €) cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.

- 35.4. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 185/21 promovidos por MARIA DEL CARMEN CALVAR SANTOS sobre reclamación responsabilidade patrimonial por danos en vehículo na EP-1001 Cangas-Coiro-Magdalena no termo municipal de Cangas do Morrazo. (Expte.2022001321)*

Dada conta que con data 21 de outubro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 19 de outubro pasado do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 185/21 promovidos por MARÍA DEL CARMEN CALVAR SANTOS sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 440,52 € por danos no vehículo, alegando que non existía sinalización vertical anunciando o redutor de velocidade colocado na vía no lugar de Parada-Coiro, á altura do número 23 na E.P. 1001 Cangas-Coiro-Magdalena, sinistro sucedido o día 20/01/20 no termo municipal de Cangas do Morrazo) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 35.5. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos no procedemento abreviado 29/22 promovidos por ANTONIO VALES IGLESIAS, contra desestimación de reclamación por responsabilidade patrimonial por danos en vivenda na E.P. 2703, no termo municipal de Pontearreas. (Expte.2022003864)*

Dada conta que con data 23/11/22 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento



abreviado núm. 29/22, promovidos por Antonio Vales Iglesias, contra desestimación de reclamación por responsabilidade patrimonial por danos en vivenda sita no número 49 do camiño A Ponte, a consecuencia das augas pluviais provenientes da E.P. 2703 no termo municipal de Pontearreas, na que reclamaba a cantidade de 250,00 €) que desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

PENAL

35.6. *Sentenza do Xulgado de Instrución nº 6 de Vigo, ditada nos autos de Dilixencias Urxentes de Xuízo Rápido núm. 2453/21 seguidos contra DANIEL BARROS LAGO, por danos na E.P. 2201 no termo municipal de Baiona. (Expte.2022005781)*

Dada conta que con data 1 de xuño 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado de Instrución nº 6 de Vigo (recaída en autos de Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido número 2453/21) seguidos contra Daniel Barros Lago, por danos causados no P.K.0+300, na E.P.2201, accidente ocorrido o día 21/11/21, no termo municipal de Baiona, na que se condena ó acusado de condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas do artigo 379.2 do Código Penal á pena de catro meses de multa a razón de 5 euros ao día (total 600 euros) e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo de oito meses, deixando a responsabilidade civil a favor da Deputación para execución de sentenza polos danos causados por importe de 17.638,78 € e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

35.7. *Auto do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra, ditado nas Dilixencias Previas nº 264/20, promovidas REMEDIOS PÉREZ GONZÁLEZ, resolvendo o recurso de reforma interposto pola representación da denunciante contra á resolución de data 4/7/22 sobre delito de acoso. (Expte.2020053752)*

Dada conta que con data 28 de setembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación auto do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra (recaído nas Dilixencias Previas nº 264/20, promovidas por Remedios Pérez González, contra á resolución ditada por ese órgano xudicial de data de 04/07/22, no que se acordou non haber lugar a practicar as dilixencias de investigación solicitadas pola representación da denunciante) no que se desestima o recurso de reforma interposto pola mesma e resolve favorablemente para os intereses desta Deputación, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado auto.



RECURSOS HUMANOS

- 35.8. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 35/22 promovidos por REMEDIOS PÉREZ GONZÁLEZ sobre materia de persoal. (Expte.2022008115)*

Dada conta que con data 7 de outubro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza da mesma data do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 35/22 promovidos por REMEDIOS PÉREZ GONZÁLEZ contra a Resolución de data 24 de novembro de 2021 do Deputado delegado de persoal pola que se nomea á Directora de Proxectos Europeos da Deputación Provincial de Pontevedra, poñendo fin ao expediente 2021045394 e fronte á Resolución do 9 de novembro de 2021 que acordou a exclusión da actora do proceso selectivo) na que se desestima a demanda con imposición de custas por importe de 400,00 €, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 35.9. *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 152/22, dimanante do procedemento abreviado nº 56/21, promovido por ROSA ANA PINTOS ABAL, sobre materia de persoal. (Expte.2022002665)*

Dada conta que con data 17 de outubro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de apelación núm. 152/22, promovido por Rosa Ana Pintos Abal contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de data 16 de decembro de 2021, ditada no procedemento abreviado nº 56/21, contra Resolución Presidencial de data 07/12/20 que dispuxo o cese como funcionaria interina, auxiliar de administración xeral (grupo C2), adscrita ó ORAL) na que ratifica a ditada en primeira instancia, favorable a esta Deputación, con imposición de custas por importe de 1.000,00 € e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 35.10. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 394/21 promovidos por ANGEL MOUTA ROJO sobre materia de persoal. (Expte.2021062589)*

Dada conta que con data 19 de outubro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 14/10/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 394/21 promovidos por ANGEL MOUTA ROJO



contra a resolución de 17.09.2021 do Deputado delegado en materia de persoal da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra desestimatoria do recurso de alzada formulado polo demandante contra o acordo do Tribunal Cualificador que deu resposta ás alegacións formuladas na fase de concurso no proceso selectivo convocado para cubrir unha praza reservada a persoas con discapacidade de operario de servizos varios grupo E, escala de Administración especial, subescala de servizos especiais clase persoal de oficio, con destino no Centro Príncipe Felipe) na que se desestima a demanda, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

35.11. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 72/22 promovidos por SANTIAGO MARTÍNEZ MOURIÑO sobre materia de persoal. (Expte. nº 2022013308)

Dada conta que con data 5 de decembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 28/11/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 72/22 promovidos por SANTIAGO MARTÍNEZ MOURIÑO contra a resolución presidencial de data 30/11/21, que dispuxo o cese do demandante como funcionario interino, condutor-maquinista adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, grupo C2, subescala servizos especiais, persoal de oficios o que evita o pago de 18.731,58 € aproximadamente de ter tido que reincorporar ó demandante como persoal indefinido) na que se desestima a demanda, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

35.12. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 67/22 promovidos por FRANCISCO JAVIER SOLIÑO SOLIÑO sobre materia de persoal. (Expte.2022015203)

Dada conta que con data 13 de decembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 07/12/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 67/22 promovidos por FRANCISCO JAVIER SOLIÑO SOLIÑO contra a resolución presidencial de data 30/11/21, que dispuxo o cese do demandante como funcionario interino no posto de traballo de condutor do Parque Móbil adscrito a Secretaria Xeral, grupo C2, subescala servizos especiais, persoal de oficios o que evita o pago de 27.900,46 € aproximadamente de ter tido que reincorporar ó demandante como persoal indefinido) na que se desestima a demanda, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



SENTENZAS PARCIALMENTE FAVORABLES
RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL

35.13. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 232/21, promovido por JOSE LUIS DOMÍNGUEZ FERREIRA, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en vehículo na E.P. 3302 Tabagón-Rosal-Portocelo no termo municipal de O Rosal. (Expte.2021037191)*

Dada conta que con data 26 de maio de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 98/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 232/21 promovidos por JOSE LUIS DOMÍNGUEZ FERREIRA, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos en vehículo a consecuencia das labores de desbroce que se estaban levando a cabo na E.P. 3302 Tabagón-Rosal-Portocelo no termo municipal de O Rosal na reclamaba inicialmente a cantidade de 1.200,38 €, mais os intereses legais, acordándose en vía administrativa no seu día indemnizar ó reclamante na cantidade de 479,92 € segundo o documento R.C. da Intervención de data 19/04/21) na que se estima parcialmente a demanda, recoñecendo o demandante un importe indemnizatorio de 200,00 €, mais os intereses legais dende a data da súa reclamación en vía administrativa, o que supón un aforro de 1.000,38 € con respecto o inicialmente reclamado, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

35.14. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 307/21, promovido por TAMARA DE ARAUJO GONZÁLEZ, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en motocicleta na E.P. 3401 Acceso Porto no termo municipal de A Guarda. (Expte.2021047802)*

Dada conta que con data 27 de maio de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 110/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 307/21 promovidos por TAMARA DE ARAUJO GONZÁLEZ, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos materiais en accidente de motocicleta na E.P. 3401 Acceso Porto a consecuencia da gravilla no termo municipal de A Guarda na que reclamaba inicialmente a cantidade de 843,30 €, e na que se estima parcialmente a demanda ao apreciar a concorrencia de culpas debido ó estado esvaradío da estrada, argüída pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, unido a unha condución negligente da demandante, recoñecéndolle a esta un importe indemnizatorio de 421,65€, máis os intereses legais dende a data da súa reclamación en vía administrativa, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



35.15. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 260/21, promovido por EUGENIA ESTEVEZ CARBALLO, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en vivenda na E.P. 1301 Beluso-Alto da Portela no termo municipal de Bueu. (Expte.2021044320)*

Dada conta que con data 1 de setembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 192/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 260/21 promovidos por EUGENIA ESTEVEZ CARBALLO, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos en vivenda na E.P. 1301 Beluso-Alto da Portela como consecuencia das vibracións provocadas pola instalación dun lombo no termo municipal de Bueu na que reclamaba inicialmente a cantidade de 3.950 €) estimando parcialmente a demanda ó apreciar concorrencia de culpas debido a obsolescencia e calidade dos materiais da vivenda en relación coa influencia das obras executadas, recoñecendo o demandante un importe indemnizatorio de 1.975 €, máis os intereses legais dende a data da súa reclamación en vía administrativa, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

35.16. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 286/21, promovido por LÍNEA DIRECTA ASEGURADORA, JESÚS GONZÁLEZ COSTAS e MARÍA DEL CARMEN OTERO TOURON, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos e lesións na E.P. 2403 no termo municipal de O Porriño. (Expte.2021045567)*

Dada conta que con data 21 de outubro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 19 de outubro pasado do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 286/21 promovidos por LÍNEA DIRECTA ASEGURADORA, JESÚS GONZÁLEZ COSTAS e MARÍA DEL CARMEN OTERO TOURON, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos e lesións a causa do accidente ocorrido o día 24/05/20 na E.P. 2403 a consecuencia da gravilla existente na calzada no termo municipal de O Porriño e na que reclamaban inicialmente a cantidade de 12.799,11 €) estimando parcialmente a demanda, recoñecendo ós demandantes un importe indemnizatorio de 8.082,31 €, máis os intereses legais dende a data da súa reclamación en vía administrativa, o que supón 4.716,80 € menos con respecto ó inicialmente reclamado pola natureza temporal dos danos e a non acreditación de secuelas, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



SENTENZAS DESFAVORABLES
RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

35.17. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos no procedemento abreviado 390/2021 promovidos por JULIO MANZANO MANZANO e GACM SEGUROS GENERALES, contra desestimación de reclamación por responsabilidade patrimonial por danos en vehículo na E.P. 2303 Gondomar-Vilaza-Parada, no termo municipal de Gondomar. (Expte.2021062915)*

Dada conta que con data 15/06/22 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado 390/21, promovidos por Julio Manzano Manzano e GACM SEGUROS GENERALES, contra desestimación de reclamación por responsabilidade patrimonial por danos en vehículo a consecuencia de detelo na beiravía, diante da súa vivenda, e introducir a roda traseira dereita dentro dunha arqueta que se levantou a seu paso o día 23/12/20 na E.P. 2303 Gondomar-Vilaza-Parada, no termo municipal de Gondomar, na que se reclamaba a cantidade de 1.458,98 €) e que estima a demanda sen facer expresa imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

35.18. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 333/21, promovido por ERNESTO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en vivenda na E.P. 9207 Dena-Vichona no termo municipal de Meaño. (Expte.2021049774)*

Dada conta que con data 26 de xullo de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 152/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 333/21 promovidos por ERNESTO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos materiais no peche que protexe o *xardinciño* na parte dianteira da súa vivenda situada sita en Dena, lugar de Viliquín, nº 19, no termo municipal de Meaño a consecuencia das obras de conservación do firme da E.P. 9207 de Dena a Vichona cuantificados na cantidade de 2.722,50 €) na que se estima a demanda condenando a Deputación Provincial de Pontevedra a realizar no prazo de tres meses as obras de reparación necesarias para subsanar os danos do peche, e no caso de incumprimento do citado prazo, poderá instar o aboo da cantidade de reseñada para realizar pola súa conta a citada obra e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



35.19. *Sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 3ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 867/21, dimanante do procedemento ordinario nº 357/19, promovido por ISOLINA ALONSO SEIJO, sobre acción negatoria de servidume na E.P. 2601 Mos-Puxeiros no termo municipal de Mos. (Expte.2021046910)*

Dada conta que con data 9 de setembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 3ª (recaída en autos de recurso de apelación nº 867/21 promovidos por Isolina Alonso Seijo contra sentenza de data 13 de xullo do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Porriño ditada en autos de procedemento ordinario civil núm. 357/19, sobre acción negatoria de servidume na que solicitaba que se restituíse o estado de cousas existentes na finca da súa propiedade “Peña de Francia ou Fonte Santa”, sita no lugar de Fonte Santa de Tameiga no termo municipal de Mos sobre a que se veñen vertendo augas dende a E.P. 2601 de Mos a Puxeiros de titularidade provincial, a partir da construción dunha arqueta e unha tubaxe, sendo augas derivadas do descorrer alterado das superficiais e na que reclamaba danos por importe de 10.484,42 €) que estima na súa integridade o recurso presentado pola recorrente, revocando a inicialmente favorable a Deputación da cal se deu conta a Xunta de Goberno celebrada en data 17/09/21, declarando que a actora non debe servidume de recollida de augas pluviais a favor da Deputación Provincial de Pontevedra provenientes da estrada de Mos a Puxeiros, condenando ó ente provincial a retirar o actual sistema de desaugadoiro da estrada e proceder a nova instalación de evacuación de pluviais, de forma que non depare prexuízo para a leira da demandante, condenándose así mesmo á retirada de entullos e plástico arrastrados ata o devandito inmovible pola auga, e á reposición do muro noiro, sostén de terra, existente na parte baixa da leira, na colindancia coa Avenida do Tranvía, desprendido por efecto das augas, todo iso no prazo de seis meses a contar desde a notificación da presente, á conta do ente provincial, e coa advertencia de que, de non levalo a cabo voluntariamente, poderase realizar á súa costa, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

35.20. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos no procedemento abreviado 34/22 promovidos por FRANCISCO SOLIÑO BUDIÑO, contra desestimación de reclamación por responsabilidade patrimonial por danos en vehículo na E.P. 1004, no termo municipal de Cangas do Morrazo. (Expte.2022007674)*

Dada conta que con data 18/10/22 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado 34/22, promovidos por Francisco Soliño Budiño, contra desestimación de reclamación por responsabilidade patrimonial por danos en vehículo a consecuencia dun socavo na calzada, e introducir as rodas dianteira e traseira dereita o día 25/01/20 na E.P.



1004 no p.k. 0,050 da rúa David Cal, no termo municipal de Cangas do Morrazo, na que se reclamaba a cantidade de 752,02 €) e que estima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

35.21. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 45/22, promovido por EVA MARÍA FRAGUEIRO GÓMEZ, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en vehículo na E.P. 4402 Balneario-Vilasobroso no termo municipal de Mondariz-Balneario. (Expte.2022006722)

Dada conta que con data 16 de novembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 250/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 45/22 promovidos por EVA MARÍA FRAGUEIRO GÓMEZ, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos a causa do impacto do seu vehículo contra unha árbore e unha pedra caídos sobre a calzada da E.P. 4402 Balneario de Mondariz-Vilasobroso, no termo municipal de Mondariz-Balneario o día 21/01/20 cuantificados na cantidade de 1.800,00 €) na que se estima a demanda condenando a Deputación Provincial de Pontevedra a indemnizar a recorrente na cantidade reclamada mais os intereses legais correspondentes dende a data da reclamación e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza e da irrecurribilidade da mesma por razón da contía.

35.22. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 393/21 promovidos por YOEL ANTONIO CASTRO MAQUIEIRA sobre reclamación de responsabilidade patrimonial. (Expte.2021058136)

Dada conta que con data 19 de decembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 15 de decembro pasado do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 393/21 promovidos por YOEL ANTONIO CASTRO MAQUIEIRA contra o acordo da Xunta de Goberno de data 10/09/21, desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 17.040,23 € derivada do proxecto revitaliza correspondente ó ano 2020 e do que deberán descontarse os hipotéticos rendementos do traballo, posibles prestacións por desemprego ou axuda por paternidade a determinar en execución de sentenza) na que se estima a demanda, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



35.23. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento ordinario número 429/21 promovidos por SANTIAGO TATO VIDAL sobre acondicionamento de talude na confluencia das E.P.7009 e 7010 no termo municipal de A Estrada. (Expte.2021065609)*

Dada conta que con data 20 de decembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 12 de decembro pasado do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento ordinario núm. 429/21 promovidos por SANTIAGO TATO VIDAL contra a resolución do Delegado de Infraestruturas e Vías Provinciais desestimatoria do recurso de reposición formulado polo demandante contra as resolucións presidenciais de 15 de xullo e 1 de agosto de 2019, relativas ás obras de acondicionamento e afianzamento dun noiro na confluencia das E.P. 7009 e 7010 no termo municipal de A Estrada, que reitera o requirimento ó Sr. Tato Vidal para que reconducise as augas pluviais da súa parcela estabilizando un muro de desmorte da estrada nunha zona en que sufriu un desprendemento declarando nulas aquelas e como consecuencia o requirimento para recondución de augas pluviais de data 23/02/21, todo iso sen efectos condenatorios económicos para a Deputación) na que se estima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

35.24. *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 186/21, promovido por MAPFRE ESPAÑA CÍA. DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. e GERMAN BUGARÍN GARRIDO, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en vehículo na E.P. 4302 Riofrio-Vilar no termo municipal de Mondariz. (Expte.2021033336)*

Dada conta que con data 20 de decembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 186/21 promovidos por MAPFRE ESPAÑA CÍA. DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. e GERMAN BUGARÍN GARRIDO, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos en vehículo, por colisión cun resalte na calzada rompendo nos baixos do coche o parafuso do carter, coa perda total do aceite no p.k. 0,600 da E.P. 4302 de Riofrio a Villar, no termo municipal de Mondariz, cuantificados na cantidade de 1.141,27 €) na que se estima a demanda recoñecendo o dereito á indemnización a favor dos demandantes, na contía reclamada en base ó seguinte desglose: a cantidade de 841,27 € a favor de MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS S.A.; e a cantidade de 300,00 € a favor de GERMÁN BUGARÍN GARRIDO, xunto cos intereses desde a reclamación en vía administrativa e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



INTERVENCIÓN

35.25. *Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 1 de Pontevedra, ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 281/22-1, dimanante do procedemento abreviado núm. 281/22, promovido polo CLUB XUVENTUDE DE BALONCESTO CAMBADOS, sobre subvencións. (Expte.2022062180)*

Dada conta que con data 7 de novembro de 2022 tivo entrada nesta Deputación auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 1 de Pontevedra (ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 281/22-1, dimanante do procedemento abreviado núm. 281/22, promovido polo CLUB XUVENTUDE DE BALONCESTO CAMBADOS, contra resolución de data 20/06/22, desestimatoria do recurso de reposición formulado fronte a resolución que dispoñía o reintegro de subvención concedida para a competición federada de ámbito nacional) no que se estima a medida cautelar solicitada, suspendendo a executividade da orde de reintegro de data 20/06/22 por importe de 10.524,70 € e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido do mesmo e acorda o seu traslado a Intervención.

36.32479.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

